



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 19)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres/as. Deputados/as:

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. Jose Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e seis de maio de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados/ as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o señor Presidente don José Tomé Roca, a señora deputada dona M^a. del Pilar García Porto e o señor deputado don Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZANOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de maio de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA EXPOSICIÓN ITINERANTE “A CASA DE GALICIA. 50 ANOS DA CASA DE ROSALÍA” A REALIZAR NO ÁMBITO TERRITORIAL DOS CONCELLOS DE MONTERROSO, MEIRA, A FONSAGRADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, FOZ, VIVEIRO E GUITIRIZ NO ANO 2023 E, NO ANO 2024, NO ÁMBITO TERRITORIAL DOS CONCELLOS DE PALAS DE REI, MONDOÑEDO, BURELA, MONFORTE, QUIROGA, O VALADOURO E CASTRO DE REI.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do EXP.Nº: 2023/CON_02/0000, costa no mesmo:

- 1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7OSKSLHNZLYWPISH6HAZPBOA
- 2.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7OSKSLJLRJ6RFTRQYRCXQPCQ



3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7OSOCMPE7CRXBYBX44ARBXME.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7O5TDIBEO2QRESRT5VAN7UIA

5.-Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da Exposición itinerante “A casa de Galicia. 50 anos da Casa de Rosalía” a realizar no ámbito territorial dos Concellos de Monterroso, Meira, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Foz, Viveiro e Guitiriz no ano 2023 e, no ano 2024, no ámbito territorial dos Concellos de Palas de Rei, Mondoñedo, Burela, Monforte, Quiroga, O Valadouro e Castro de Rei.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorpórase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade

co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite á Fundación de Rosalía de Castro con CIF G15040850 e enderezo electrónico fundacion@rosaliadecastro.gal a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 28.000 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.880 €, o que fai un total de 33.880 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, repartido nas seguintes anualidades:

Anualidades	Importe	Aplicación orzamentaria
2023	16.940,00 €	3340.22609
2024	16.940,00 €	3340.22609

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 3340.22609 do orzamento de gastos do 2023, pola cantidade de 16.940,00€, para a anualidade 2023. A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 cantidade indicada na táboa anterior, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DUN CONXUNTO DE MOEDAS DE INTERESE NUMISMÁTICO PARA O MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación para a adquisición de un conxunto de moedas de interese numismático para o Museo Provincial de Lugo, EXP.Nº: 2023/CON_02/000046, costa no mesmo:



Antecedentes.

- 1.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7O6QCJL5B2T7MOWI7VOJ3GGI.
- 2.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7O5WSJMBUZX2HO2T454LQHAQ.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BQTH4LEWDZGBLCNWMAMCXI4.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7O6QBDPUXJZWRYAAUEB5XU6E.
- 5.- Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación para a Adquisición de un conxunto de moedas de interese numismático para o museo provincial de lugo.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorpórase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos

criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite á Pablo Rueda Rodríguez Vila con enderezo electrónico prueda@notariado.org a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 70.000 € de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN, POSTA EN VALOR E MANTEMENTO DOS HORTOS URBANOS DO PASEO DO RÍO RATO (LUGO), PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do Paseo do Río Rato (Lugo), propiedade da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000037.

1.- Orden de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7O5UPTJUH3WT654IMAKUTDCU ¹.

2.- Prego de prescricións técnicas, remitido polo Servizo de Medio Ambiente, con CSV: IV7O5W2CHRMJLOJMWUFE7ZIQ6Y.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7OSOLJBBXC3WM75RYW6YRQGU.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7O6SA7L4B3JDZTSQVS4NIFAI.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7O6SA5JEWMLBECQMHPYXMI.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do Paseo do Río Rato (Lugo), propiedade da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000037, cunha duración de 24 meses, con posibilidade de dúas prórrogas anuais.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 232.358,92 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 48.795,38 €, o que fai un total de 281.154,30 €, de acordo co seguinte desglose:

ANUALIDADES	APLICACIÓNS	IMPORTES	RC
2023 (6 MESES)	1720.22606	70.288,57	22023/12878
2024	1720.22606	140.577,15	220239/328
2025 (6 MESES)	1720.22606	70.288,58	220239/328
SUMA		281.154,30	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2024 e 2025 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS E MATERIAL DE OFICINA ERGONÓMICOS DESTINADOS AO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de equipos e material de oficina ergonómicos destinados ao persoal da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000049, consta no mesmo:



1.- Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7O5UPZP5X6XPPYUTUHKL3PI4².

2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7O5UPOFH7NL66263XAJ4HEEA.

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7O5WINNLU77REL27QHUPVKI.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7O6SDY3D43XGOZ2UQGAXQALY.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7O6SD6ZF5MTGJDAYNNGNJWKA.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de equipos e material de oficina ergonómicos destinados ao persoal da Deputación Provincial de Lugo, 2023/CON_02/000049, cunha duración dun ano, susceptible de ser prorrogado por outro ano.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade,

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 54.424,47 € (IVE engadido), e financiase acorde as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2023	9200.625	38.097,12 €	22023/14371
2024		16.327,35 €	220239/336
		54.424,47 €	

Existe consignación orzamentaria na aplicación 9200.625 do vixente orzamento xeral para a cantidade de 38.097,12 € euros da anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 a cantidade anteriormente relacionada na aplicación indicada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL, ROUPA DE TRABALLO E UNIFORMIDADE DESTINADOS AO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, 2023/CON_02/000042, consta no mesmo:

1.- Orde de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7OXSHKLY6JXJPS6YED4FZXC4³.

2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Prevención, con CSV: IV7OXSATZZWIL2NJUQ7GORCP6A.

3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7O5WPSJQVYTNFC5VANH5YH6E.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7O6SC7LUOI2S4LWBAX6IYDK4.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7O6SC5BZZPQSMCMCJ6TJ5KFGM.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación por lotes da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade destinados ao persoal da Deputación de Lugo, 2023/CON_02/000042, para unha duración de un ano, con previsión de prórroga de un ano.

2º.- Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do

³Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a O orzamento base de licitación deste contrato ascende a 223.866,00 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 47.011,86 € o que fai un total de 270.877,86 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. Incluído a financiamento do 10% por posible incremento do número de unidades a subministrar (artigo 301.2 da LCSP) o importe consignado ascende a 297.965,67 €, IVE incluído.

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

ROUPA DE TRABALLO E EPIS									
CENTRO	LOTE	APLICACIÓN	IMPORTE AÑO	IMPORTE/23	RC/23	IMPORTE/24	RC/24	MODIFICADO 10%	RC/24
PARQUE MOBIL	1	9201.22104	32.941,04	16.470,52	22023/10194	16.470,52	220239/275	3.294,10	220239/275
	2	9201.22104	11.253,00	5.626,50	22023/10196	5.626,50	220239/277	1.125,30	220239/277
	3	9201.22104	21.780,00	10.890,00	22023/10198	10.890,00	220239/179	2.178,03	220239/179
GRANXA PROVINCIAL (IVE DEDUCIBLE)	1	4120.22104	26.138,42	13.069,21	22023/10202	13.069,21	220239/281	2.613,84	220239/281
	2	4120.22104	5.898,75	2.949,38	22023/10204	2.949,37	220239/283	589,88	220239/283
UNIDADE DE MANEAMENTO	1	9200.22104	17.848,71	8.924,36	22023/10205	8.924,35	220239/285	1.784,87	220239/285
	2	9200.22104	3.291,20	1.645,60	22023/10206	1.645,60	220239/287	329,12	220239/287
MEDIO AMBIENTE	1	1720.22104	2.681,36	1.340,68	22023/10208	1.340,68	220239/289	268,14	220239/289
	2	1720.22104	1.016,40	508,20	22023/10210	508,20	220239/291	101,64	220239/291
CENTRO DE ARTESANIA E DISEÑO	1	2413.22104	9.412,59	4.706,30	22023/10212	4.706,29	220239/293	941,26	220239/293
	2	2413.22104	2.964,50	1.482,25	22023/10213	1.482,25	220239/295	296,45	220239/295
REDE MUSEISTICA	1	3330.22104	9.663,06	4.831,53	22023/10215	4.831,53	220239/297	966,31	220239/297
	2	3330.22104	2.359,50	1.179,75	22023/10216	1.179,75	220239/299	235,95	220239/299
	3	3330.22104	5.445,00	2.722,50	22023/10217	2.722,50	220239/391	544,50	220239/391
SERV. EXPROPIACIONES	1	4500.22104	4.522,98	2.261,49	22023/10219	2.261,49	220239/303	452,30	220239/303
SERV.VÍAS E OBRAS	1	4500.22104	20.654,70	10.327,35	22023/10221	10.327,35	220239/305	2.065,47	220239/305
CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES	1	2315.22104	21.780,00	10.890,00	22023/10364	10.890,00	220239/307	2.178,00	220239/307
	2	2315.22104	17.393,75	8.696,88	22023/10365	8.696,87	220239/309	1.739,38	220239/309
SERV. DE AUDIOVISUAIS	1	3241.22104	12.741,30	6.370,65	22023/10223	6.370,65	220239/311	1.274,13	220239/311
	2	3241.22104	5.445,00	2.722,50	22023/10225	2.722,50	220239/313	544,50	220239/313
ARQUIVO	1	9200.22104	139,15	69,58	22023/10226	69,57	220239/315	13,92	220239/315
PAZO DOS DEPORTES	1	3420.22104	877,25	438,63	22023/10227	438,62	220239/317	87,73	220239/317
SERV. DE PREVENCIÓN	1	9200.22104	520,30	260,15	22023/10228	260,15	220239/319	52,03	220239/319
	2	9200.22104	96,80	48,40	22023/10229	48,40	220239/321	9,68	220239/321
PORTERIA	1	9200.22104	919,60	459,80	22023/10230	459,80	220239/323	91,96	220239/323
	3	9200.22104	32.912,00	16.456,00	22023/10231	16.456,00	220239/325	3.291,20	220239/325
NOVAS TECNOLOXÍAS	1	9200.22104	181,50	90,75	22023/10232	90,95	220239/326	18,15	220239/326
SUMA			270.877,86	135.438,93		135.438,93		27.087,81	
TOTAL								297.965,67	



Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DOS SERVIZOS DE DISEÑO, MAQUETACIÓN, IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN DE NOVE PUBLICACIÓN DO SERVIZO DE PUBLICACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes dos servizos de deseño, maquetación, impresión e encadernación de nove publicacións do servizo de publicacións da Deputación de Lugo, 2023/CON_02/000036, consta no mesmo:

- 1.- Orden de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7OTSANJZEYZWJJCHWELYIR54⁴.
- 2.- Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7O4PKJZQ5DR5ECUM5H6BQH4U.
- 3.- Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe de Sección de Publicacións da Deputación de Lugo, con CSV: IV7O4PKJBVV63RJDAL4EOB3BCQ.
- 4.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7O42ROPYN5ZXEODRM5IMIFY.

⁴Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

5.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7O5XDICFZ3VGP7ATVBG7XDCI.

6.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7O5XDMZ47O5CUOSEO5HZ3EEL.

7.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación por lotes dos servizos de deseño, maquetación, impresión e encadernación de nove publicacións do servizo de publicacións da Deputación de Lugo, 2023/CON_02/000036, para unha duración de 18 meses, sen previsión de prórroga.

2º.- Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobación e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).



4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 75.250,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21% e 4%, 7.175,00 €, o que fai un total de 82.425,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, coa seguinte distribución por lotes:

LOTES DISEÑO E MAQUETACIÓN	Base imponible	IVE (21 %)	Importe total, IVE incluído
LOTE 1: Deseño e maquetación 1. Formato A. 250 mm x 220 mm.	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
LOTE 2: Deseño e maquetación 2. Formato B. 165 mm x 240 mm.	10.250,00 €	2.152,50 €	12.402,50 €
LOTE 3: Deseño e maquetación 3. Formato C. 200 mm x 265 mm.	9.750,00 €	2.047,50 €	11.797,50 €
LOTES IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN	Base imponible	IVE (4%)	Importe total, IVE incluído
LOTE 4: Impresión e encadernación 1. Formato A. 250 mm x 220 mm.	12.250,00 €	490,00 €	12.740,00 €
LOTE 5: Impresión e encadernación 2. Formato B. 165 mm x 240 mm.	14.500,00 €	580,00 €	15.080,00 €
LOTE 6: Impresión e encadernación 3. Formato C. 200 mm x 265 mm.	24.000,00 €	960,00 €	24.960,00 €

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	RC	IMPORTE
2023	3341.22799	22023/13687	38.965,00 €
2024		220239/334	43.460,00 €
TOTAL			82.425.00 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2023, polo importe relacionado, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2024 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: A PASTORIZA.- Mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: A PASTORIZA.- Mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza, consta no mesmo:

1. Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza aprobado pola Xunta de Goberno en data 28/04/2023 e asinado en data 04/05/2023 para a execución dos fins comúns consistentes na mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza do que trae causa esta licitación

2. Proxecto da obra indicada , asinado por D. Héctor Diéguez Aranda.

3. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7O46RSFM7Y3GEP43YEIID7L4.

4. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7OS2D3EFFSVFPT6RYAAMCBCQ.

5. Acta de Reformulo Previo, de data 24/04/2023.

6. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7O5SX3ZAV3RLHM7Q4XM3S7IA.

7. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

8. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7O5TANP7WDZ2UZA4H4NAVYDEY.

9. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7O5TACFINYZ3Z72LXV6HQQFEY.

10.Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: A PASTORIZA.- Mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza,



sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 339.910,73 €, dos cales 58.992,77 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar na “Construción de cuberta para pista de pádel en Meira e honorarios da dirección de obra” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Meira (EXP- 2023/PES_03/010868) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de

Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Construción de cuberta para pista de pádel en Meira e honorarios da dirección de obra” ano 2023 por importe total de 136.839,67 € (dos que 133.814,67 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 3.025,00 € serán financiados polo Concello de Meira), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os



servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL

(reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán



corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro



do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Meira segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exercerá en todo caso competencias propias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 133.814,67 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.



Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a tramitación do expediente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Construción de cuberta para pista de pádel en Meira e honorarios da dirección de obra” ano 2023 por importe total de 136.839,67 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar na “Construción de cuberta para pista de pádel en Meira e honorarios da dirección de obra” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Antonio de Dios Álvarez, Alcalde do Concello de Meira, con N.I.F P-2702900 H e sede na Praza do Concello, s/n, 27240, Meira, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:



a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se

formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).



Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
CONSTRUCCIÓN DE CUBERTA PARA PISTA DE PÁDEL EN MEIRA E HONORARIOS DA DIRECCIÓN DE OBRA	136.839,67 € € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
133.814,67 €	3.025,00 €
TOTAL: 136.839,67 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Meira.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (133.814,67€).

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Meira.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Meira, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 3.025,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

3. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

5. Asumir a coordinación da seguridade e saúde.



6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 133.814,67€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Meira aportará para a execución do convenio o financiamento de 3.025,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Meira.

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Meira se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de setembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso,



declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.



e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitálos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e

executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.



Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA
Asinado: Antonio de Dios Álvarez

O SECRETARIO XERAL,
Asinado: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- A aprobación do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 133.814,67 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de piquín para cooperar na “Humanización e mellora do espazo público adxacente ao centro de día e escola vella en Chao de Pousadoiro e honorarios de dirección de obra e de coordinación de seguridade de saúde” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Ribeira de Piquín (EXP-2023/PES_03/011045) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Humanización e mellora do espazo público adxacente ao centro de día e escola vella en Chao de Pousadoiro e honorarios de dirección de obra e de coordinación de seguridade de saúde” por importe total de 124.035,93 € (dos que 115.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 9.035,93 € serán financiados polo Concello de Ribeira de Piquín), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.



Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de



dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.



Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Ribeira de Piquín, segundo o disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, exercerá en todo caso competencias propias en materia de equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.



Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 115.000,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a tramitación do expediente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Humanización e mellora do espazo público adxacente ao centro de día e escola vella en Chao de Pousadoiro e honorarios de dirección de obra e de coordinación de seguridade de saúde” ano 2023 por importe total de 124.035,93€ cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para cooperar na “Humanización e mellora do espazo público adxacente ao centro de día e escola vella en Chao de Pousadoiro e honorarios de dirección de obra e de coordinación de seguridade de saúde” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e

representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Roberto Fernández Rico, alcalde do Concello de Ribeira de Piquín , con N.I.F P-2705300H e sede na rúa Chao de Pousadoiro, s/n 27242, Ribeira de Piquín, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.



Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da



LALGA conceptualdo legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e

autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación



poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
HUMANIZACIÓN E MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO ADXACENTE AO CENTRO DE DÍA E ESCOLA VELLA EN CHAO DE POUSADOIRO HONORARIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE DE SAÚDE	124.035,93 (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
115.000,00 €	9.035,93 €
TOTAL: 124.035,93 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Ribeira de Piquín.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (115.000,00€).

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Ribeira de Piquín.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ribeira de Piquín, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 9.035,93 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

3. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.



5. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 115.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Ribeira de Piquín aportará para a execución do convenio o financiamento de 9.035,93 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Ribeira de Piquín.

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribeira de Piquín se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de outubro de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso,



declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.



e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e

executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no



artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE
PIQUÍN

Asinado: Roberto Fernández Rico

O SECRETARIO XERAL,

Asinado: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- A aprobación do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da “Mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na Avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares”. Ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Pedrafita do Cebreiro (EXP-2023/PES_03/011043) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares” por importe total de 101.446,72€ (dos que os 99.446,72€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 2.000,00 € serán financiados polo Concello de Pedrafita do Cebreiro), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da



provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de



dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal



interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Pedrafita do Cebreiro ostenta competencias propias nas citadas materias en virtude do establecido no artigo 25 da LRBRL.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.



Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 99.446,72 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na Avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares”. Ano 2023, por importe total de 101.446,72 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro para cooperar no financiamento da “Mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro; adquisición de parcela urbana sita na Avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro e infraestrutura para bombeo de auga en Liñares.” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da

citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don José Luís Raposo Magdalena, Alcalde, que actúa en nome e representación do Concello de Pedrafita do Cebreiro, con N.I.F P-2704500D, con sede en Praza de España, 2, Piedrafita do Cebreiro, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:



“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da



LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e

autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación



poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro en exercicio das súas competencias, para a execución daa actuacióna que se detallan a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
Mellora de abastecemento en San Pedro de Riocereixa. Mellora da seguridade vial de accesos ao mercado de Pedrafita do Cebreiro Adquisición de parcela urbana sita na avenida de Castela número 38 en Pedrafita do Cebreiro. Infraestrutura para bombeo de auga en Liñares.	101.446,72 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
99.446,72€	2.000,00 €
TOTAL: 101.446,72 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (99.446,72€)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Pedrafita do Cebreiro.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 2000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.
3. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
4. Asumir a coordinación da seguridade e saúde.



5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7. O prazo inicialmente previsto de execución é o 30 de setembro de 2023. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

9. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

A. Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 99.446,72 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro aportará para a execución do convenio o financiamento de 2.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Pedrafita do Cebreiro.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Pedrafita do Cebreiro aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de outubro de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

a) Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

b) Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado



neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.



e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de

poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométese a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 8 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data *ut supra*, do que como secretario que dou fe.



O PRESIDENTE

Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO
CEBREIRO

Asinado: José Luís Raposo Magdalena

O SECRETARIO XERAL,

Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 99.446,72€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Trabada (EXP- 2023/PES_03/010318) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023, por importe total de 120.660,19 € (dos que 115.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 5.660,19 € serán financiados polo Concello de Trabada), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei



5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración

e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de



titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:



Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Trabada segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exercerá en todo caso competencias propias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola

Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 115.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a tramitación do expediente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de Trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada” e pavimentación e servizos da calle Joaquín Velasco” ano 2023 por importe total de 120.660,19 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar na “Construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo de trabada; actuacións de mellora no complexo deportivo de Trabada e pavimentación e servizos dea calle Joaquín Velasco ” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, dona Mayra García Bermúdez, alcaldesa do Concello de Trabada, con N.I.F P-2706100A, e sede en Rúa do Concello, 15, Trabada, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.b) b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.



Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.



No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 conséntanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.



Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Trabada, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detalla a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE BOLOS TRADICIONAL NO COMPLEXO DEPORTIVO DE TRABADA ACTUACIÓN DE MELLORA NO COMPLEXO DEPORTIVO DE TRABADA PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS DA CALLE JOAQUÍN VELASCO	120.660,19 (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
115.000,00 €	5.660,19 €
TOTAL: 120.660,19 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Trabada.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (115.000,00€)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Trabada.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Trabada, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 5.660,19 €e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.
3. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.
6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.



8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 115.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Trabada aportará para a execución do convenio o financiamento de 5.660,19 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do Concello de Trabada.

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Trabada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de setembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.



Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente



Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración

Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.



E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
Asinado: José Tomé Roca

A ALCALDESA DO CONCELLO DE TRABADA
Asinado: Mayra García Bermúdez

O SECRETARIO XERAL,
Asinado: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- A aprobación do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar na “Mellora do vial municipal Carballín a Bustelo” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Negueira de Muñiz (EXP-2023/PES_03/011237) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na mellora do vial municipal Carballín a Bustelo ano 2023, por importe total de 95.111,37 € (dos que 90.355,80 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 4.755,57 € serán financiados polo Concello de Negueira de Muñiz), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei



5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración

e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de



titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:



Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Negueira de Muñiz segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exercerá en todo caso competencias propias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola

Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 90.355,80 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a tramitación do expediente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora do vial municipal Carballín a Bustelo” ano 2023 por importe total de 95.111,37 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello Negueira de Muñiz para cooperar na “Mellora do vial municipal Carballín a Bustelo ” ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don José Manuel Braña Pereda, alcalde do Concello de Negueira de Muñiz, con N.I.F P-2703500E, e sede en Praza Maior, s/n, Negueira de Muñiz, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.b) b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir



convenios con suceso de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en



xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén

comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.



En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detalla a continuación:

Actuacións	CUSTE TOTAL
MELLORA DO VIAL MUNICIPAL CARBALLÍN A BUSTELO	95.111,37 (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
90.355,80 €	4.755,57 €
TOTAL: 95.111,37 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Negueira de Muñiz.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (90.355,80 €).

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Negueira de Muñiz.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Negueira de Muñiz, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 4.755,57 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

3. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.



9. Prestar colaboración en todas aquellas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 90.355,80 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Negueira de Muñiz aportará para a execución do convenio o financiamento de 4.755,57 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Negueira de Muñiz.

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Negueira de Muñiz se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de setembro de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.



Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.



De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla,

as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.



O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE NEGUEIRA DE
MUÑIZ

Asinado: José Manuel Braña Pereda

O SECRETARIO XERAL,

Asinado: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- A aprobación do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 90.355,80 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar na execucion de varias actuacións no Concello de Ribas de Sil. Ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Ribas de Sil (EXP- 2023/PES_03/011333) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar na execución de varias actuacións no Concello de Ribas de Sil, ano 2023 por importe total de 117.658,68 € (dos que 115.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 2.658,68 € serán financiados polo Concello de Ribas de Sil), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emétese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre



administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.-No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na

súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade



orxamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orxamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do

15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida



nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Ribas de Sil segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exercerá en todo caso competencias propias en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e

as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 115.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a tramitación do expediente”.



Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na execución de varias actuacións no Concello de Ribas de Sil, ano 2023 por importe total de 117.658,68 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar na execucion de varias actuacións no Concello de Ribas sil. ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-27000000I e sede social en rúa San Marcos 8, 27001 Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Miguel Ángel Sotuela Vega, Alcalde do Ribas de Sil, con N.I.F P-2705200J e sede na Praza Maior, 1, 27310, Ribas de Sil, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades

Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a



facen os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...);

8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os



de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LRBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:



Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións a executar no Concello de Ribas de Sil	CUSTE TOTAL
ADQUISICIÓN DO EDIFICIO DA PRAZA DO LADRILLO (SAN CLODIO) CONSTRUCCIÓN DE INFRAESTRUTURA MUNICIPAL PARA VEHÍCULOS DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE PAVIMENTACIÓN DE VÍAS NO NÚCLEO DE NOGUEIRA	117.658,68 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
115.000,00 €	2.658,68 €
TOTAL: 117.658,68 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Ribas de Sil.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (115.000,00€).
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Ribas de Sil.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ribas de Sil, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio, o financiamento de 2.658,68 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

3. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

5. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

6. O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de agosto de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.



10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 115.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Ribas de Sil aportará para a execución do convenio o financiamento de 2.658,68 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Ribas de Sil.

c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribas de Sil se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 30 de setembro de 2024 . Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido.

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.



Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de

cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.



Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto

(letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL
Asinado: Miguel Ángel Sotuela Vega

O SECRETARIO XERAL,
Asinado: José Antonio Mourelle Cillero



2º.- A aprobación do gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución de varias actuacións no Concello de O Valadouro. ano 2023 e 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de O Valadouro (EXP-2023/PES_03/011326) no que se solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución de varias actuacións no Concello de O Valadouro, por importe total de 172.773,99€ dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe FAVORABLE en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento

do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se

formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.



Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBR e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes



derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de O Valadouro, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) d) en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. (...)”.

Así mesmo, o artigo 26 da mesma normativa establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, os servizos de pavimentación das vías públicas

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes

condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 49.500,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral do 2023.

A deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2024 a cantidade de 49.500,00 €, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.



Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución de varias actuacións no concello de O Valadouro, por importe total de 172.773,99€ cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo plurianual de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución de varias actuacións no concello de O Valadouro. ano 2023 e 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Edmundo Maseda Maseda, Alcalde do Concello de O Valadouro, con N.I.F. P-2706300G, e sede Social en Feira Nova, 1, O Valadouro, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 321.1.b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades

Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a



facen os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...);

8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.(...)”.

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
- 2. O seu impacto económico cuantificado.
- 3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
- 4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Sétimo.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as

competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Noveno.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores



da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Décimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Décimo primeiro.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ACTUACIÓN	IMPORTE
Acondicionamento de parcela municipal para aparcamento de autocaravanas e honorarios técnicos de redacción do proxecto, dirección de obra e Coordinación da Seguridade e Saúde.	13.915,79 €
Acondicionamento e mellora de camiño en Esteleiro e honorarios técnicos de redacción do proxecto, dirección de obra e Coordinación da Seguridade e Saúde.	5.731,39 €
Pavimentación de accesos a Cabezán e honorarios técnicos de redacción do proxecto e dirección de obra - 72.776,69 € con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 (68.543,33 € de obra e 4.233,36 € dos honorarios técnicos de redacción do proxecto e de dirección de obra). - 75.352,82€ con cargo a este convenio.	148.129,51€
Implementación Rede LoRa (subministro)	4.997,30
CUSTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	172.773,99€

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ANO 2023: 49.500,00 € ANO 2024: 49.500,00 € TOTAL: 99.000,00 €	ANO 2023: 498,65 € ANO 2024: 498,65 € TOTAL: 997,30
TOTAL: 99.997,30€	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de O Valadouro.



Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica de 99.000,00 € (49.500,00 € para a anualidade do 2023 e 49.500,00 € para a anualidade do 2024).

2. Incluír no orzamento do ano 2024 a cantidade de 49.500,00 € (para sufragar os gastos a imputar á anualidade do 2024) tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

4. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de O Valadouro.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de O Valadouro, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o importe de 997,30 € (498,65 € para os gastos imputables á anualidade 2023 e 498,65 € para os gastos imputables á anualidade do 2024) e o financiamento do importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Encargarse da coordinación de seguridade e saúde na execución da actuación “Pavimentación de accesos a Cabezán”.

4. Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións para a súa correcta execución.

5. Recibir as obras, mantelas e dar o servizo á veciñanza.

6. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca ata o 15 de novembro de 2024.

7. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

8. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo . Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

9. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

10. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

11. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 49.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución da anualidade 2023.

A deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2024 a cantidade de 49.500,00 € (para sufragar os gastos a imputar á anualidade do 2024) tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.- Achega do Concello.

O Concello de O Valadouro aportará para a execución do convenio o importe total de 997,30 € (498,65€ para os gastos imputables á anualidade 2023 e 498,65 € para o gastos imputables



á anualidade do 2024) así como o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b) Titularidade do resultado da cooperación.

O concello de O Valadouro será o titular do resultado da cooperación.

c) Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que o concello de Valadouro aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2024 . A conta xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Actas de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do concello, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación,

con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade do 2023 e 2024 na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.



Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais . Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamiento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratos exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, sobre a base do previsto no artigo 6.1 (b) RGPD; e de cumprir coas



misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1 (e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE

Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE O VALADOURO

Asinado: Edmundo Maseda Maseda

O SECRETARIO XERAL,

Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 99.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 49.500,00 € son financiados con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento do ano 2023.

3º.-Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2024 a cantidade de 49.500,00 € tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Oitavo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello do Valadouro para “Música tradicional no val” (anualidade 2023).*

Logo de ver a proposta Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don Edmundo Maseda Maseda, en nome e representación do Concello do Valadouro, con CIF: P2706300G, con RE, nº: 2023RT008127 de data 09/05/2023, emendando posteriormente (Expediente 2023/PES_03/010314), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello do Valadouro e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Música Tradicional no Val”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para o “Música Tradicional no Val” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público

vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á organización dun festival para promover a música tradicional galega e popular, na que actuaron dous artistas: Treixadura e Anxo Lorenzo Band, o día 25 de marzo de 2023 na praza de Santa María de Valadouro.

En canto á necesidade e oportunidade do convenio, con esta actuación pretende cumprirse un dobre obxectivo:

a) Fomentar a música tradicional galega e popular, que se corresponde con cancións antigas de compositores descoñecidos, que experimentaron un proceso evolutivo de creación, remodelación e transmisión de xeración en xeración por vía oral, como unha parte máis dos valores e da cultura do pobo galego.

b) Contribuír á concienciación da sociedade acerca da relevancia da conservación e do mantemento dos seus valores sociais, económicos, culturais e medioambientais, así como ao impulso de medidas e iniciativas dirixidas a promover a identidade de quen vive no medio rural e costeiro non urbano, de forma que se proxecte unha imaxe positiva e actual, coa finalidade de facer efectivo o disposto no artigo 77 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, en canto á valorización do medio rural e costeiro non urbano.



En relación ao seu impacto económico, esta actuación posibilitará a mobilización da poboación que demanda actividades culturais e unha revalorización do rural como ámbito no que estas se poden desenvolver; igualmente, fomentará o desenvolvemento socio-económico da zona a través dunha estratexia de diversificación, dado que axuda a enriquecer a oferta cultural da provincia, así como a atraer a diferentes públicos pola combinación de música e tradición.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello do Valadouro, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores de subministracións e de servizos nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 15.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello do Valadouro, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 6.852,60 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello do Valadouro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Música Tradicional no Val” (anualidade 2023). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello do Valadouro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Música Tradicional no Val” (anualidade 2023) por importe total de 21.852,60 €, do seguinte teor:



“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello do Valadouro para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Música tradicional no Val”, na anualidade 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística en virtude de Resolución de data 15 de outubro de 2019.

E doutra, don Edmundo Maseda Maseda con DNI ***5824**, alcalde do Concello do Valadouro, con NIF P2706300G e sede en Feira Nova 1-Ferreira, CP 27770 O Valadouro, na provincia de Lugo, que actúa en nome e representación desta entidade, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Expoñen:

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25 letra m) da LBRL).

Esta determinación competencial, das Entidades locais, fixada lexislación básica estatal, complementábase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais; entre outras normas sectoriais podemos citar a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

Segundo.- Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica, antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Así mesmo, no Art. 3.3 Lei 5/2014, concréntanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura.

O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:



A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b)

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”

En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 3.2 a) da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, en relación coa colaboración administrativa, establece que “As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns de cooperar nesta actuación, que beneficia ao territorio municipal e provincial.

O propio artigo 57.3 da LRBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación de que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración

público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. As normas deste capítulo VI da LRXSP, sobre convenios, non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos.

Sétimo.- A cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada



LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Oitavo.- O Concello do Valadouro, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Os artigos 2 e 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia recollen as competencias que lle corresponden en materia de patrimonio cultural á Comunidade Autónoma e ás entidades locais.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello do Valadouro exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello do Valadouro e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de cooperar na “Música Tradicional no Val” na anualidade 2023.

Para realizar dita actividade e acadar dito fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar o gasto seguinte:

ACTUACIÓN	CUSTE TOTAL
Concerto Treixadura	10.890,00 €
Concerto Anxo Lorenzo	4.900,50 €
Alugueiro escenario	1.815,00 €
Alugueiro son e iluminación	4.247,10 €
Total	21.852,60 €

No caso de que, durante a organización da programación destas actividades culturais, se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos, poderán compensarse entre si os distintos importes.

Para alcanzar o obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2023	15.000,00 €	6.852,60 €	21.852,60 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente á Comarca da Mariña Central, na que está incluída o termo municipal do Valadouro.



Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Ao financiamento da actuación obxecto deste convenio no referente á cooperación nos gastos de “Música Tradicional no Val” na anualidade 2023, polo importe máximo indicado na cláusula cuarta.

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e /ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello do Valadouro, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutras actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

A Deputación de Lugo exímese do cumprimento das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado para levar a cabo a actuación coa que esta entidade colabora no marco dos gastos derivados da organización e execución da “Música Tradicional no Val”, así como das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

3.2. O Concello do Valadouro.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello do Valadouro comprométese ao seguinte:

1. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. Financiar a actividade obxecto deste convenio polo importe indicado na cláusula cuarta, debendo aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

3. Executar a actuación na data límite do 31 de decembro de 2023.

4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no formato máis axeitado, facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

8. Responsabilizarse da organización, contratación, execución, desenvolvemento da actividade e do cumprimento da normativa de seguridade, especialmente na aplicación da Lei 10/2017, 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, de conformidade coas disposicións emitidas polas autoridades sanitarias. Realizará o conxunto de actuacións necesarias para a súa efectiva materialización e realización no ano 2023.

9. Aportar as autorizacións, licenzas e permisos necesarios para a execución da actividade.

10. Cesión dos espazos de titularidade municipal para a realización das actividades.

11. Asumir os gastos derivados dos dereitos de autoría que puideran derivar da celebración das actividades indicadas.

12. Autorizar cantas comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

A) Achegas.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 15.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.

O Concello do Valadouro financiará inicialmente as actuacións descritas con 6.852,60 €, que poderá diminuírse de haber baixas na licitación ou execución; e, así mesmo, financiará o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

A titularidade dos resultados será compartida posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Valadouro, aos limítrofes da comarca e, en xeral, a toda a provincia.



C) Xustificación da achega económica.

O Concello do Valadouro achegará como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, e a data de pago.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello do Valadouro non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable na que o Concello do Valadouro poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable de que o Concello do Valadouro asumiu ou non, o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Fotografías dos carteis/pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024 e pagada o 31 de xaneiro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).



Oitava.- Comisión de Seguimiento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control, establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello do Valadouro incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello do Valadouro deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido, a través do cartel no investimento.

A Deputación e o Concello comprométense a cumprir coas determinacións dos artigos 53 da Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Décima.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non



este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, (...) as Entidades locais (...).

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 15-10-2019
A VICEPRESIDENTA,
Asdo.: Tareixa Antía Ferreiro Tallón

O ALCALDE DO VALADOURO,

Asdo: Edmundo Maseda Maseda

O SECRETARIO XERAL,
Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero”

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor do Concello do Valadouro, para sufragar os gastos derivados da “Música Tradicional no Val”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio da subvención excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo a come Prima Producciones Sociedad Civil co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Esmorga fest” na anualidade 2023.*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Come Prima Producciones Sociedad Civil co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Esmorga Fest” durante a anualidade 2023, polo importe 40.000,00 €, co pagamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 20.000,00 €, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe emitido pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

2. Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2023.

4. Informe da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2023.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2023 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da



Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 14.1.c) titulada "Cultura" (Actuacións específicas), da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do PES da Deputación de Lugo 2023-2025.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 40.000,00 € a favor de Come Prima Producciones Sociedad Civil para sufragar gastos derivados da actuación “Esmorga Fest” anualidade 2023, subvención incluída na liña 14.1-c), titulada "Cultura" (Actuacións específicas), da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Cultura), do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xaneiro de 2023.

2º.- Que se aprobe o gasto de 40.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor de Come Prima Producciones Sociedad Civil, para sufragar gastos derivados da actuación “Esmorga Fest” anualidade 2023.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística (Cultura), do seguinte teor:

“Convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Come prima producciones sociedad civil, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Esmorga fest” na anualidade 2023

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e, no seu nome, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, deputada delegada da Área de

Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística en virtude de resolución de data 15 de outubro de 2019.

E doutra parte, don José Antonio Castro Lebón con DNI ****3842**, na súa condición de representante, actúa en nome e representación da entidade Come Prima Producciones Sociedad Civil, en adiante beneficiario, con NIF J27501527, e con sede social na Rúa Fernando de Castro núm. 6, planta 2, porta A, CP 27600 Sarria (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (dentro da Liña 14.1c) da Área funcional de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística e do obxectivo específico 7) Promover a organización de actividades e eventos culturais), prevese a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para satisfacer as demandas culturais do conxunto da cidadanía e a potenciación e conservación da cultura en todas as súas vertentes.

Segundo.- Que por acordo da Xunta de Goberno, de data ... de ... de 2023, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa de carácter excepcional outorgada, por importe de 40.000,00 €, a favor do beneficiario, Come Prima Producciones Sociedad Civil, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Esmorga Fest”, na anualidade do 2023.

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3340.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 40.000,00 €, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.



Cuarto.- O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Come Prima Producciones Sociedad Civil para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Esmorga Fest”, na anualidade 2023. Esta actuación consiste na organización da oitava edición deste evento de carácter musical e artístico que aglutina a escena underground nun festival que promove o Camiño de Santiago francés e que se celebra na vila de Sarria. Non se consideran gastos subvencionables pola Deputación de Lugo os gastos de persoal e seguros correspondentes aos socios membros do beneficiario.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 104.816,63€.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación.

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 40.000,00 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario.

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.



Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgũa das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo



de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2024.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2023.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta.



Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención

de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen iva- en servizos e subministrados e 40.000,00 € -sen iva- en obras).

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social,



expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a

mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.



Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRIPCIÓN
SECTOR ECONÓMICO	R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
FINALIDADE	11	Cultura
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera

administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.

3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cláusula adicional.

Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 20.000,00 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:



1. Solicitud do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 15-10-2019
A VICEPRESIDENTA,
Asdo.: Tareixa Antía Ferreiro Tallón

O REPRESENTANTE DA BENEFICIARIA,
Asdo.: José Antonio Castro Lebón

O SECRETARIO XERAL,
Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo.- *Proposta de aprobación, se procede, da subvención directa excepcional a favor da entidade Hijas del divino celo rogacionista co obxecto de colaborar no financiamento dos*

gastos derivados da actuación “Obras e equipamento do proxecto de vivendas tuteladas San Aníbal- stella maris” na anualidade 2022 e 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Hijas del Divino Celo Rogacionistas, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “obras e equipamento do proxecto de“vivendas tuteladas San Aníbal - Stella Maris”, polo importe de 25.000,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable da entidade beneficiaria de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento vixente.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio conformado pola Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación que se refire á colaboración co beneficiario para a cooperación no fomento do desenvolvemento social da provincia de Lugo. Esta finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2023-2025 vixente, na liña 4.2 Benestar Social xestionada dende a sección de Benestar Social e Igualdade, da Área funcional de Promoción Económica e Social, desta Administración Local.



Tendo en conta a fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000,00 €, a favor da entidade Hijas del Divino Celo Rogacionistas para sufragar os gastos derivados da actuación “obras e equipamento do proxecto de “vivendas tuteladas San Aníbal - Stella Maris”, na anualidade 2022 e 2023, subvención incluída na liña 4.2. Benestar Social, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto polo importe total de 25.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2314.789.55 do orzamento do ano 2022 incorporado ao do ano 2023- remanentes- por importe de 20.000,00€ e na aplicación orzamentaria 2314.789 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 5.000,00€ a favor da entidade Hijas del Divino Celo Rogacionistas, para sufragar os gastos derivados da actuación “obras e equipamento do proxecto de “Vivendas tuteladas San Aníbal - Stella maris” na anualidade 2023.

3º.- Aprobar o convenio canalizador da subvención directa excepcional que nos ocupa e que se relaciona a continuación:

Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola deputación provincial de lugo á Hijas del divino celo rogacionistas, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras e equipamento do proxecto de vivendas tuteladas San Aníbal - Stella maris” na anualidade 2022 e 2023.

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca , Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, Martina Sendino del Olmo con DNI ****0587**, na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade Hijas del Divino Celo Rogacionistas , en adiante beneficiario, con NIF R-0800037D, e con sede social en Rua Barridal 8 en Burela CP 27880 na provincia de Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero , Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22 de xaneiro de 2023, así como no apartado c) de actuacións específicas previsibles para este exercicio económico 2023 do vixente ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para esta anualidade, prevese na Liña 4.2 – Benestar Social, da Área funcional de Promoción Económica e Social, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para contribuír a aumentar os niveis de benestar social da poboación da provincia de Lugo no sentido máis amplo (mellorando a súa calidade de vida, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria de oportunidades para todos os colectivos, especialmente daqueles máis vulnerables, e na que os aspectos sociais teñan unha maior relevancia), intentando acadar un verdadeiro “estado de benestar” e dos obxectivos específicos: 1. Fomentar o estado de benestar social e mellorar a calidade de vida da cidadanía, facéndose efectivo o principio de igualdade de oportunidades para todas as persoas, con especial sensibilidade respecto dos colectivos máis vulnerables: persoas maiores, cativos, persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social por razóns de discapacidade, de xénero, de pertenza a minorías, por razóns de carácter social ou sanitario; 4. Impulsar e defender os dereitos das persoas en risco de exclusión social ou de especial vulnerabilidade, ven sexa por razóns de idade, discapacidade física, psíquica ou sensorial; por razóns de xénero; por razóns de pertenza a minorías, apoiando a promoción e reinserción social das persoas e colectivos en risco de marxinalidade e exclusión social facendo



efectivo o principio de igualdade de oportunidades e 9. Apoiar as intervencións de atención, prevención e inserción levados a cabo dende os servizos sociais, tanto do sector público como do sector privado.

Segundo.- Que na sesión da Xunta de Goberno da Deputación de datadede , aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa Excepcional outorgada, por importe de 25.000,00 €, a favor do beneficiario, Hijas del Divino Celo Rogacionistas co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “obras e equipamento do proxecto de “vivendas tuteladas San Aníbal - Stella Maris”, na anualidade 2022 e 2023.

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 2314.789.55 do orzamento do ano 2022 incorporado ao do ano 2023- remanentes- por importe de 20.000,00€ e na aplicación orzamentaria 2314.789 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 5.000,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da formalización do presente convenio.

Cuarto.- O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial á entidade Hijas del Divino Celo Rogacionistas para financiar os gastos derivados da execución da actuación “obras e equipamento do proxecto de “vivendas tuteladas San Aníbal - Stella Maris”, na anualidade 2022 e 2023. Esta actuación consiste no acondicionamento, reforma e equipamento dunhas vivendas, para dotar á Mariña lucense de vivendas de emerxencia social, para apoiar uns colectivos en risco de exclusión social ou de especial vulnerabilidade, como son as mulleres maltratadas e os mozos de entre 18 a 25 anos emancipados, necesitados dunha vivenda transitoria.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 57.497,87 €.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación.

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 25.000,00 € , cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.



Do Beneficiario.

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b. Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.



Quinta.- Control económico, supervisión, seguimiento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimiento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 1 de setembro de 2023,

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 30 de xuño 2023.

Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro das anualidades correspondentes, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración



específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.

Cando se trate da xustificación de subvencións en investimentos propios de obras, que polo seu importe non sexan considerados contratos menores de obras (importe igual ou superior a 40.000,00 € sen IVE), achegarase certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Non obstante, cando os investimentos, polo seu importe, sexan considerados contratos menores de obras (importe inferior a 40.000,00 € sen IVE) , esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación polo beneficiario, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación “in situ”.

Dúas fotografías do investimento realizado.

Documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridos para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.

Anexo IV. Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.



Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVE- en obras)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisén.

b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

d. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma



finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i. Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	88.9	Otras actividades de servicios sociales sin alojamiento
FINALIDADE	5	Servicios Sociales y Promoción Social
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cuando no existiendo desigualdades de partida en relación a la igualdad de oportunidades y de trato entre mujeres y hombres, no se prevea modificación alguna de esta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	subvención y entrega dineraria sin contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:



- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2022, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2024, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2023, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenios.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.



Cláusula adicional.

Primeira.- Bens inventariables.

De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables non inscribibles nun rexistro público, seguiranse as seguintes regras:

O beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral.

Non se considerará incumplida a obriga de destino referida no parágrafo anterior cando, os bens foran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención, e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada pola Deputación de Lugo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
Fdo: José Tomé Roca

A representante legal de Hijas del Divino Celo Rogacionista
Fdo.:Martina Sendino del Olmo

O SECRETARIO XERAL,
Fdo.: José Antonio Mourelle Cillero

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para colaborar nos gastos derivados da organización e execución da “VII romaxe artesá da chaira e homenaxe Antía Cal”*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

En relación co escrito, presentado por don Manuel Requeijo Arnejo, en nome e representación do Concello de Muras, con CIF: P2703300J, con data 03/05/2023 e RE, nº: 2023RT007621 (Expediente 2023/PES_03/009661), e modificado en data 08/05/2023 e 09/05/2023, por mor de modificacións no orzamento, mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Muras e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución da “VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución da “VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificativa da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da “VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal”. En relación á Romaxe Artesá da Chaira constitúe un programa de actividades como demostracións, obradoiros, exposicións de artesáns, xogos tradicionais e concertos, co fin de poñer en valor o rural como fonte de proxectos sostibles e de futuro como foron e son os oficios artesáns. Respecto á Xornada en homenaxe a Antía Cal, esta consiste nunha serie de actos como charlas e intervencións por parte de representantes culturais e familiares da homenaxeada, así como unha actuación musical e o descubrimento dunhas placas conmemorativas.

En canto á necesidade e oportunidade de subscripción deste convenio, procede sinalar que estas actividades se enmarcan na programación cultural que desenvolve o Concello de Muras, e son unha oportunidade para dar a coñecer, por un lado, os oficios artesáns co obxectivo de difundir os valores da artesanía tradicional e que contribúen á conservación do patrimonio natural e etnográfico, e por outra banda, homenaxear a figura de Antía Cal como educadora destacada de

Galicia, con raíces murenses, por ser unha personalidade que destacou na defensa e promoción das diversas facetas da cultura e da educación (introducindo por primeira vez o idioma galego nas aulas escolares), que representaban toda una bandeira social e política.

En relación ao seu impacto económico, produce unha considerable incidencia no concello de Muras, tendo en conta que a Romaxe Artesá da Chaira goza de gran recoñecemento polos veciños do municipio de Muras e outros municipios de arredor, sendo esta xa a VII edición do evento, polo que xa ten un importante grao de consolidación. Respecto á Homenaxe a Antía Cal, configúrase como un acto de recoñecemento a unha figura importante, precursora de moitos avances pedagóxicos e lingüísticos de Galicia.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:



(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 31.780,25€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Muras, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 1.672,64€; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de gastos derivados da organización e execución da “VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal”

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da “VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal” por importe total de 33.452,89 €.

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da “VII romaxe artesá da chaira e homenaxe Antía Cal”

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, Tareixa Antía Ferreiro Tallón, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística, en virtude de Resolución de Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra, don Manuel Requeijo Arnejo, representante legal do Concello de Muras, con NIF: P-2703300J e sede en Praza da Galeguidade, 4 – 27836 Muras, na provincia de Lugo, que actúa en nome e representación desta entidade, de acordo co disposto no art. 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,



Expoñen.

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25 letra m) da LBRL).

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementábase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica.

Segundo.- As Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas o máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Muras configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura.

O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b).

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”

En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo 3.2 a) da Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, en relación coa colaboración administrativa, establece que “As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural”.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e



para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns de cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da "VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal", que beneficia ao Concello de Muras, xunto co territorio provincial.

O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público(en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común."

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.
(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público

vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. As normas deste capítulo VI da LRXSP, sobre convenios, non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos.

Sétimo.- A cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Oitavo.- O Concello de Muras, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Muras exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).



A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras en exercicio das súas competencias, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución da "VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal", que conforman unha serie de actividades culturais relacionadas cos oficios artesáns, así como concertos musicais e actos de homenaxe (ponencias, placas conmemorativas....) á figura destacada de Antía Cal:

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2023	31.780,25 €	1.672,64 €	33.452,89 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente ao termo municipal de Muras.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Da Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (31.780,25€)

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e /ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. No caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Muras, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutras actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

A Deputación de Lugo exímese do cumprimento das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado para levar a cabo a actuación coa que esta entidade colabora no marco dos gastos derivados da organización e execución da “VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal”, así como das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

3.2. Do Concello de Muras.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Muras comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 1.672,64€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Executar o proxecto/actuación na data límite do 31 de decembro de 2023.



4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no formato máis axeitado, facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

8. Responsabilizarse da organización, contratación, execución, desenvolvemento da actividade e do cumprimento da normativa de seguridade, especialmente na aplicación da Lei 10/2017, 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, de conformidade coas disposicións emitidas polas autoridades sanitarias.

9. Aportar as autorizacións, licenzas e permisos necesarios para a execución da actividade.

10. Cesión dos espazos de titularidade municipal para a realización das actividades.

11. Asumir os gastos derivados dos dereitos de autoría que puideran derivar da celebración das actividades indicadas.

12. Autorizar cantas comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

Achegas:

1. Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 31.780,25 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.

2. Achega do Concello.

O Concello de Muras aportará para a execución do convenio o financiamento de 1.672,64€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación:

A titularidade dos resultados será compartida coa poboación, posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Muras, aos límites da comarca e, en xeral, a toda a provincia.

Xustificación da achega económica.

O Concello de Muras, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:

a) Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago.

b) Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Lugo non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.



Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade da actuación e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Fotografías dos carteis/pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima .- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.



Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Muras incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello de Muras deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condición (...).” Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1ª deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos

que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 12 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 15/10/2019
DEPUTADO DELEGADA DE CULTURA,
PATRIMONIO HISTÓRICO-
ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Asdo.: Tareixa Antía Ferreiro Tallón

O Representante legal do Concello de Muras

Asdo.: Manuel Requeijo Arnejo (Alcalde)

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero



2º.- Aprobar o gasto de 31.780,25 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor do Concello de Muras, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución da “VII Romaxe Artesá da Chaira e Homenaxe Antía Cal”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a colaboración no “Festival Vrao” (anualidade 2023).*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don Francisco Cajoto Caserío, en nome e representación do Concello de Foz, con CIF: P2701900I, con RE, nº: 2023RT007863 de data 05/05/2023, emendado con posterioridade en data 19/05/23 (Expediente 2023/PES_03/010018), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Foz e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común da celebración do “Festival Vrao”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para o “Festival Vrao” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do

mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo refírense ao Proxecto músico Cultural e Turístico denominado “Festival Vrao”, que se realiza na vila de Foz e que pretende ser unha festa da cultura musical galega responden a un interese xeral en virtude da promoción cultural, musical e turística que se pretende co mesmo, enfocada a promoción do territorio.

O Festival de Vrao é un festival de sons independentes, (Hip-Hop, Folk, Rock, Pop, Indie, Electrónica, etc), aberto e de pequeno formato que pretende xuntar as agrupacións musicais mais destacadas dentro do panorama da música independente feita en Galicia. É una pequena mostra,



pero moi representativa, do que está a acontecer musicalmente en Galicia en nos últimos tempos, sendo un escaparate da realidade cultural galega.

Celebrarase o sábado 12 de Agosto de 2023 , pretendendo afianzarse como unha festa da cultura musical galega, que transversalmente repercute no desenvolvemento económico e turístico do concello. Prográmanse unicamente bandas galegas ou pertencentes á escea musical galega. Desenvolverase nas rúas de Foz, adaptándose ao importante fluxo vital e turístico que recibe vila no mes de agosto de xeito que persoas de moi diferentes lugares acudan e coñezan o Concello de Foz.

O obxectivo inicial do evento é o de poñer en valor a calidade musical galega, a dinamización sociocultural e o desenvolvemento transversal da economía da vila, a través do impulso ás industrias culturais e á actividade do sector turístico (aloxamento, restauración, etc...). Co gallo de que a musica fomenta o turismo de proximidade e tamén a posta en valor da música de raíz galega que vai funcionar como elemento desencadéante da dinamización social, cultural, e turística na tempada alta e de maior afluencia de turistas a nosa costa cantábrica.

Mediante a música fomentase o turismo de proximidade, e mellorase tamén a calidade de vida no entorno rural a través da promoción do territorio e do fomento do turismo sostible, que pode ser unha oportunidade real para un desenvolvemento efectivo dun concello das características do Concello de Foz.

Por estes motivos, e importante deseñar accións que teñan como finalidade a promoción do noso territorio e da nosa riqueza cultural e turística, utilizando os recursos propios do territorio.

En relación ao seu impacto económico, esta actuación posibilitará a mobilización da poboación que demanda actividades culturais e de divertimento, así como unha revalorización do sector turístico contribuíndo ao desenvolvemento socioeconómico da zona vinculado ao sector terciario e os meses de verán

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da

Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores de subministros e de servizos nunha contía inferior a 15.000,00€, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 15.000,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Foz, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 15.000,00 €; e, así



mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Festival Vrao” (anualidade 2023). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Festival Vrao” (anualidade 2023) por importe total de 30.000,00€, do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz para colaborar no financiamento do “Festival Vrao”. (anualidade 2023).

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Francisco Cajoto Caserío con NIF:***9758**, que actúa en nome e representación do Concello de Foz, con N.I.F. P2701900I, e sede social na rua Alvaro Cunqueiro, 24, 27780 Foz (Lugo) na provincia de Lugo, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcalde.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Expoñen:

Primeiro.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en diante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura e equipamentos culturais (art.25 letras h) e m) da LBRL).

Esta determinación competencial, das Entidades locais, fixada lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais; entre outras normas sectoriais podemos citar a Lei de Turismo de Galicia.

Segundo.- Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica, antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014, concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen



tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceiro.- A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos. O artigo 118.letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, en especial, de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura.

O art. 36.1 LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) as seguinte:

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a prestación dos servizos de secretaría e intervención (art. 36.1 b)

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (art. 36.1 d).

A LRALG, regula nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b), “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”.

En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio.

O artigo art. 6.1 letras b) e c) da Lei 7/2011 de 27 de outubro, de Turismo de Galicia establece ademais as atribucións das entidades supramunicipais neste ámbito, sen prexuízo das competencias establecidas polo réxime local.

O artigo 91.2 da lei 7/2011, dispón que as actuacións en materia de promoción e fomento do turismo de Galicia se rexerán polos principios de eficacia e economía de medios, buscándose a máxima coordinación e colaboración entre as administracións públicas con competencias no ámbito turístico e entre as mesmas e o sector privado.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, neste caso a execución dos fins comúns na celebración do “Festival Vrao”, que beneficia ao Concello de Foz, integrado na comarca da “Mariña Central”, xunto co territorio provincial.

O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Cuarto.- A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello). Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.”



Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

Neste caso estamos ante un convenio inter-administrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada LRXSP, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 (LRXSP) sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.(...)”.

Sétimo.- A maior abastanza do previsto na lexislación de réxime local, a cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

As técnicas de cooperación previstas no artigo 144 da LRXSP, aluden entre outros aspectos, a prestación de medio materiais, económicos ou persoais a outras administracións.

Estas técnicas de cooperación formalízanse mediante convenio interadministrativo (Art. 144.2 da LRXSP).



Oitavo.- O Concello de Foz, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Os artigos 5 e 6 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia recollen as competencias turísticas dos municipios e das entidades locais supramunicipais.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Foz exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Foz e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de cooperar no “Festival Vrao” na anualidade 2023.

Para realizar dita actividade e acadar dito fin, ámbalas doas Administracións comprométense a realizar e financiar os seguintes gastos estimativos, segundo se reflicte no orzamento achegado polo Concello de Foz.

Artistas	21.000,00 €
Son e luces	4.000,00 €
Infraestruturas	2.000,00 €
Deseño	1.250,00 €
Audiovisual	1.500,00 €
Backstage	250,00 €
TOTAL ORZAMENTO	30.000,00€

No caso de que, durante a execución do proxecto, se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos, poderán compensarse entre si os distintos importes a financiar pola Deputación.

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

ACTIVIDADE	ACHEGA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA DO CONCELLO	CUSTO ESTIMATIVO TOTAL (IVE ENGADIDO)
Festival Vrao	15.000,00€	15.000,00 €	30.000,00€

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente á comarca da “Mariña Central”, na que está incluído o termo municipal de Foz.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:



1. Ao financiamento da actuación obxecto deste convenio no referente á cooperación nos gastos de “Festival Vrao” na anualidade 2023, polo importe máximo indicado na cláusula cuarta, (15.000,00€).

2. En caso de producirse baixas na licitación ou execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de Foz, ou previa solicitude do Concello, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

A Deputación de Lugo exímese da organización, execución, materialización da actividade, das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado e das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e onde se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

3.2. O Concello de Foz.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Foz comprométese ao seguinte:

1. Financiar a actividade obxecto deste convenio polo importe indicado na cláusula cuarta, (15.000,00€), debendo aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3. Ceder os espazos de titularidade municipal para a realización da actividade ou instalación de infraestruturas, de ser o caso; así como tramitar os informes técnicos municipais e aportar as autorizacións, licenzas e permisos necesarios para a execución da actividade.

4. Responsabilizarse da organización e xestión da actividade e asumir os gastos derivados dos dereitos de autoría dos intérpretes que puideran derivar da celebración da actividade.

5. Executar a actividade na anualidade 2023, ca data límite de 31 de decembro de 2023.

6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no formato máis axeitado, facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

10. Responsabilizarse da organización, execución, desenvolvemento da actividade e do cumprimento da normativa de seguridade, aplicando a Lei 10/2017, 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, de conformidade coas disposicións emitidas polas autoridades sanitarias.

11. Autorizar cantas comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

a) Achegas.

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 15.000,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Foz, financiará inicialmente as actuacións descritas co importe de 15.000,00€ e comprometerase para a execución do convenio a financiar, no seu caso, o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e ao cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

b) Titularidade do resultado da cooperación:

A titularidade dos resultados será compartida posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Foz e, aos limítrofes da comarca da “Mariña Central” e, en xeral, a toda a provincia.



c) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o Concello de Foz aporte a Deputación de Lugo a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. A conta xustificativa a aportar terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento.
2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello de Foz, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello de Foz na que faga constar que se atopa o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte a Seguridade Social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Foz non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Foz, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Xustificante (fotografías) da difusión da cooperación interadministrativa no formato (cartel, pegatina, ou similar) segundo modelo facilitado polo Gabinete de comunicación, debidamente cuberto onde se poida comprobar a súa colocación.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024 e respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima .- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.



Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Foz incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, Concello de Foz deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamiento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do



Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación supletoria a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
Asdo.: José Tomé Roca

O ALCALDE DE FOZ,
Asdo: Francisco Cajoto Caserío

“O SECRETARIO XERAL,
Asdo: José Antonio Mourelle Cillero”

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, a favor do Concello de Foz, para sufragar os gastos derivados do “Festival Vrao”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo a subscribir co Concello de O Valadouro.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“O representante do Concello de O Valadouro solicitou, o 9 de maio de 2023, mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta da actividade “Febreiro`23: mes gandeiro no Valadouro”, para o fin común de promoción de feiras no medio rural.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma:

Informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscripción.



Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 23 de maio de 2023.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro, para a realización conxunta da actividade “Febreiro`23: mes gandeiro no Valadouro”, para o fin común de promoción de feiras no medio rural.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada

delegada da Área de Medio Rural e do Mar, Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra, don Edmundo Maseda Maseda, con DNI nº: ****5824**, alcalde do concello de O Valadouro, con NIF: P2706300G, e sede social en Feira Nova, 1, de Ferreira (O Valadouro), actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- O Municipio de O Valadouro mantén aínda unha importante actividade gandeira, tendo a cría de cabalos e gando vacún en liberdade unha fonda tradición en distintas parroquias, sobre todo nas súas zonas máis altas, situadas ao pé da Serra do Xistral.

Antano, como consecuencia dos excedentes de produción nas distintas parroquias, celebrábanse no Municipio tres feiras/mercados que deron orixe á vila que hoxe constitúe a súa capital, Ferreira.

Estas feiras e mercados eran de suma importancia para a vida socio-económica municipal, polo que o Concello ven impulsando nos últimos a súa recuperación, á que se sumou, en anos anteriores, a Feira de Razas autóctonas Galegas, que, debido ao seu éxito, este ano aumentou a súa programación, desdobrándose en tres xornadas:

Sábado, 4 de febreiro, IV Feira de razas autóctonas do Valadouro.

Sábado, 11 de febreiro, Conferencias Agrogandeiras na Casa da Cultura e II Carreiras de andadura galega no Valadouro.

Sábado, 18 de febreiro, Feira de gando.



Segundo.- O medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica da provincia de Lugo. Ademais, é o soporte físico dun extenso e variado patrimonio natural e cultural que representa, hoxe, un dos nosos grandes valores, sendo a base de moitas actividades económicas que xeran importantes niveis de emprego e renda.

No seu ámbito, as feiras son unha necesidade e un hábito. E elo non só porque a dispersión da poboación rural necesita destas reunións para comerciar cos produtos agropecuarios, senón porque as estruturas agrícolas e gandeiras son deficientes, é dicir, o minifundio só pode realizar as súas vendas en feiras e mercados, transformando as súas colleitas en diñeiro que serva aos produtores para adquirir outros bens.

Ademais, a escaseza das vendas, a estacionalidade, o carácter perecedeiro dos produtos, a mala calidade das comunicacións, o intento de obter os mellores prezos, a necesidade de comprar bens que non se producen nas explotacións, e a oportunidade de realizar contactos sociais e de romper coa monotonía da vida rural converten ás feiras en toda unha institución.

Polo tanto, coa formalización da relación interadministrativa proposta polo Concello de O Valadouro contribúese sensiblemente ao desenvolvemento económico e social provincial, pois a execución da actuación proxectada contribúe á promoción do desenvolvemento do sector agrogandeiro, estratéxico da economía provincial.

Cómpre ter en conta que o Municipio, consonte ao artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL), “para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

E continúa o apartado 2 do citado artigo citando as materias nas que, en todo caso, os municipios exercerán competencias propias, nos termos en que a lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas lles atribúan, e entre as que cabe citar, no caso que nos ocupa: feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

Mais é evidente que as entidades locais, como é o caso do Municipio de O Valadouro, carecen en moitos casos de medios económicos e materiais para o exercicio pleno das competencias descritas, pois estas constitúen unha pequena parte da totalidade das que lles corresponden.

Por elo, adquiren gran relevancia as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial, en torno á necesidade de fomentala cooperación entre Administracións.

Así mesmo hai que ter en conta que as Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA), e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo Concello de O Valadouro configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Por todo o ata aquí exposto, podemos concluír que a actuación proxectada polo Concello de O Valadouro, e para cuxa execución solicita a cooperación da Deputación Provincial de Lugo, é unha actuación de interese público, non só económico, senón tamén social, que xustifica a necesidade e oportunidade da formalización da relación de cooperación formulada.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.



No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a promoción das feiras no rural contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social provincial.

Por maior abastanza, no caso que nos ocupa, resulta de aplicación o disposto no artigo 30 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, que establece a obriga da Deputación de cooperar á efectividade dos servizos municipais, a través de, entre outros, os medios económicos propios da mesma.

Pola súa banda, o Municipio de O Valadouro, consonte ao artigo 25.2.i) da LRBRL, exercerá, en todo caso, competencias propias, entre outras, en materia de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Polo tanto, o Municipio de O Valadouro queda lexitimado para, a través do representante do seu Concello, formalizar a relación de cooperación suscitada asinando este convenio.

Ademais, a súa subscrición mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro, para a

realización conxunta da actividade “Febreiro`23: mes gandeiro no Valadouro”, para o fin común de promoción de feiras no medio rural.

Para realizar a dita actividade e acadar o dito fin, ámbalas dúas Administracións comprométese a realizar e financiar as actuacións e gastos seguintes, segundo se reflicte na memoria achegada polo representante do Concello de O Valadouro:

GASTOS	
Actuación / Gasto	Custo
- Carpa, vallas e palla	12.899,81 €
Aluguer de carpa	975,15 €
Palla de forrax e camas	660,00 €
Transporte vallas	484,00 €
Descarga e carga vallas	
- Xestión das asociacións colaboradoras	
ASOPORCEL	1.573,00 €
ACRUGA	1.281,39 €
BOAGA	3.025,00 €
PURAGA	968,00 €
- Publicidade e promoción	
La Voz de Galicia	465,85 €
La Voz de Galicia Radio	127,05 €
Balsa publicidade	605,00 €
El Progreso	726,00 €
Félix Jorquera Caselas	84,70 €
Buzoneos del Norte, SL	308,55 €
- Servizos auxiliares	
Seguridade	980,58 €
Ambulancia	1.400,00 €
- Premios concurso de gando	
IV Feira de Razas autóctonas	4.850,00 €
Concurso andadura galega do Valadouro	2.080,00 €
I Feira do gando do Valadouro	1.200,00 €
IMPORTE TOTAL	34.694,08 €

A celebración destas feiras lévase a cabo en dominio público municipal, polo que non será precisa a cesión nin expropiación de ningún terreo.

As citadas actuacións financiaranse segundo se reflicte na seguinte táboa:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO	15.000,00 €
CONCELLO DE O VALADOURO	19.694,08 €
TOTAL	34.694,08 €

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.

O ámbito territorial de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o termo municipal de O Valadouro.



Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes.

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos custos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.

2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución das actuacións obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de O Valadouro.

No caso de que o importe das baixas e/ou da diminución dos custos de execución das actuacións sexa superior á cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de O Valadouro, segundo o disposto no parágrafo anterior, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude de aquel, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de O Valadouro.

1) Obter os permisos e autorizacións que sexan preceptivas, de ser o caso, para a execución das actuacións, incluíndo o seu aseguramento.

2) Licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.

3) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade de 19.694,08 €, así como o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das actuacións.

4) Executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.

5) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

6) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de O Valadouro poida afrontar os gastos de execución das actuacións mencionadas na cláusula primeira.

B. Do Concello de O Valadouro.

O Concello de O Valadouro achegará a cantidade de 19.694,08 € como contribución ao fin común.

Tamén asumirá, de ser preciso, o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á axeitada execución das actuacións.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de O Valadouro será titular do resultado da cooperación: Febreiro`23: mes gandeiro no Valadouro, coa obriga de dedicar o mesmo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.

Unha vez finalicen as actuacións previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 31 de marzo de 2024, o Concello de O Valadouro presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actividades obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario:

Indicativa do custo total da actividade desenvolta e dos importes do financiamento.



Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025,

debedo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
(...).
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:

- a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.



Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financeira do sector público.

b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e para o seu seguimento, vixilancia e control, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes que aludan ou informen da actividade ou actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de O Valadouro incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.

Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de O Valadouro deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello de O Valadouro comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:

Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...).



Neste caso, cómprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c) xa que as entidades intervinientes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...).

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervinientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexerase pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 10 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.

O presidente da Deputación de Lugo
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada da Área de Medio Rural e do Mar, Mocidade
Mónica Freire Rancaño

O alcalde do Concello de O Valadouro
Edmundo Maseda Maseda

O secretario xeral da Deputación de Lugo
José Antonio Mourelle Cillero”

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023, a favor do Concello de O Valadouro, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo cuarto.- *Proposta de aprobación, da concesión da subvención excepcional á Sociedade Cooperativa A Carqueixa.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don Antonio Delpueblo Alonso, con DNI nº: ***7312**, en nome e representación da Sociedade Cooperativa A Carqueixa, con NIF: F27176775, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 27 de abril de 2023 (RE nº: 2023RT007371), escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 16.000 €, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Da granxa ao comedor”, durante a anualidade 2023.

Detectados erros na documentación integrante da citada solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriuse ao representante da entidade solicitante para a súa emenda,



que tivo lugar a través da presentación de documentación adicional os días 4 e 5 de maio de 2023 (RE nº: 2023RT007724, 2023RT007832 e 2023RT007873).

En relación co expediente do procedemento de tramitación da dita solicitude, tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións;

No Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento;

Na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021);

Na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;

No Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

Nas Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión;

No Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020);

E nas restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, nas normas de dereito privado; queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo a seguinte documentación:

1. Modelos normalizados de solicitude e documentación adicional esixida polos Decretos da Presidencia do 25 de xaneiro e do 27 de outubro de 2022.

2. Convenio que instrumenta a concesión da dita subvención.

3. Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das demais circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparelada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

4. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención. Este informe contempla, ademais, a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do

carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, económico e social que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

5. Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación da citada subvención.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2023, o órgano competente para o outorgamento da subvención é a Xunta de Goberno, a proposta do deputado delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 15.000 € de xeito individual; entendéndose aprobadas a autorización e disposición do gasto polo acordo de concesión.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e o outorgamento da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 16.000 €, a favor da Sociedade Cooperativa A Carqueixa, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Da granxa ao comedor”, na anualidade 2023; subvención incluída na letra c) da liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do vixente anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2023, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023.

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 16.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2023:

3º.- Aprobación do texto do convenio a través do que se canaliza a citada subvención, do seguinte teor:

“Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Sociedade Cooperativa A Carqueixa, co obxecto de colaborar no



financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Da granxa ao comedor” na anualidade 2023.

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra parte, don Antonio Delpueblo Alonso, con DNI ***7312**, na súa condición de presidente, actúa en nome e representación da entidade Sociedade Cooperativa A Carqueixa, en adiante beneficiario, con NIF F27176775, e con sede social no Lugar Casa Rectoral, de San Román de Cervantes, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (dentro da Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, da Área funcional de Medio Rural e do Mar, e Mocidade e dos obxectivos específicos I.4, I.5, II.2 e III.6) está prevista a concesión de subvencións, por parte da Deputación de Lugo, para: o fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción; a promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas, gandeiros e do mar; o apoio á promoción dos produtos agroalimentarios de excelente calidade diferenciada; e o fomento de novas vías de comercialización dos produtos agroalimentarios.

Segundo.- Que por Acordo da Xunta de Goberno, de data de de 2023, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 16.000 €, a favor do beneficiario, Sociedade Cooperativa A Carqueixa, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Da granxa ao comedor”, na anualidade do 2023.

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4190.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 16.000 €, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto.- O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Sociedade Cooperativa A Carqueixa para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Da granxa ao comedor”, na anualidade 2023. Esta actuación consiste na realización de distintas actividades que, en conxunto, permitan introducir os alimentos de produtores locais no menú de centros escolares que



dispoñan de comedor, promocionando así os nosos produtos agrogandeiros e fomentando o consumo de km. 0.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 16.850 €.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación.

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 16.000 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario.

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os “logotipos” institucionais da

Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.



O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
- 2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- 3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
- 4) Que estean vinculadas co beneficiario.
- 5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2024.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de



presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2023.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de



regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen iva- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen iva- en obras).

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o

reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.



d) Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumplimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumplimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	01.6	Actividades de apoio á agricultura, á gandería e de preparación posterior á colleita
FINALIDADE	12	Agricultura, pesca e alimentación
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenios.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da



Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cláusulas adicionais.

Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 8.000 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.

3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.



E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 12 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e
Mocidade
Mónica Freire Rancaño

O presidente da Sociedade Cooperativa A Carqueixa

Antonio Delpueblo Alonso

O SECRETARIO XERAL
José Antonio Mourelle Cillero”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo quinto.- *Proposta de aprobación, se procede, da concesión da subvención excepcional á Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don Luis Miguel Rivera Otero, con DNI nº: ***7992**, en nome e representación da entidade Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia, con NIF: G15476286, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 3 de maio de 2023 (RE nº: 2023RT007694), escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa excepcional plurianual, por importe de 22.000 €, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Caracterización da produción das persoas socias de OVICA”, durante as anualidades 2023 e 2024, engadindo documentación complementaria o día 9 do mesmo mes (RE nº: 2023RT008060).

En relación co expediente do procedemento de tramitación da dita solicitude, tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións;

No Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento;

Na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021);

Na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;

No Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

Nas Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión;

No Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020); e nas restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, nas normas de dereito privado; queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo a seguinte documentación:

1. Modelos normalizados de solicitude e documentación adicional esixida por Decreto da Presidencia do 25 de xaneiro e do 27 de outubro de 2022.

2. Convenio que instrumenta a concesión da dita subvención.

3. Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das demais circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparellada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

4. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención. Este informe contempla, ademais, a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, económico e social que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

5. Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación da citada subvención.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.



Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2023, o órgano competente para o outorgamento da subvención é a Xunta de Goberno, a proposta do deputado delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 15.000 € de xeito individual; entendéndose aprobadas a autorización e disposición do gasto polo acordo de concesión.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e o outorgamento da subvención directa excepcional plurianual, por importe total de 22.000 €, a favor da Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Caracterización da produción das persoas socias de OVICA”, nas anualidades 2023 e 2024; subvención incluída na letra c) da liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do vixente anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2023, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023.

2º.- Aprobar o gasto plurianual, por importe total de 22.000 €, coa seguinte distribución:

13.200 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2023:

8.800 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789.

4.400 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900.

8.800 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, a favor da mesma entidade e coa mesma finalidade, adoptando o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no Orzamento Xeral para a anualidade 2024, a dita cantidade.

3º.- Aprobación do texto do convenio a través do que se canaliza a citada subvención, do seguinte teor:

“Convenio canalizador da subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Caracterización da produción das persoas socias de OVICA” nas anualidades 2023 e 2024.

Interveñen

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra parte, don Luis Miguel Rivera Otero, con DNI ****7992**, na súa condición de presidente, actúa en nome e representación da entidade Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia, en adiante beneficiario, con NIF G15476286, e con sede social na avenida Fábrica da Luz, s/n, Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (dentro da Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, da Área funcional de Medio Rural e do Mar, e Mocidade e dos obxectivos específicos I.2 e I.5) está prevista a concesión de subvencións, por parte da Deputación



de Lugo, para: a promoción da innovación tecnolóxica e da mellora da calidade e seguridade dos produtos agroalimentarios; e a promoción e posta en valor dos nosos produtos gandeiros.

Segundo.- Que por Acordo da Xunta de Goberno, de datadede 2023, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional plurianual outorgada, por importe de 22.000 €, a favor do beneficiario, Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Caracterización da produción das persoas socias de OVICA”, nas anualidades do 2023 e 2024, coa seguinte distribución:

Ano 2023: 13.200 €

Ano 2024: 8.800 €

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente, por importe de 8.800 €, na aplicación orzamentaria 4190.789, e por importe de 4.400 €, na aplicación orzamentaria 4190.48900, ambas do vixente Orzamento Xeral da Deputación, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso de incluír, na aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral da anualidade 2024, a cantidade de 8.800 €, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira,

Cuarto.- O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial á Asociación de criadores/as de ovino e caprino de Galicia para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Caracterización da produción das persoas socias de OVICA”, nas anualidades 2023 e 2024. Esta actuación consiste na realización dunha caracterización dos socios da entidade solicitante e a implementación dun sistema informático que permita a xestión dos datos de produción necesarios para levar a cabo unha efectiva comercialización e distribución dos seus produtos, a través da marca propia “Pastores de Galicia”; así como na realización de distintas actividades dirixidas a abordar a problemática que existe coa parte produtiva que atinxe á lá, convertida nos últimos anos nun residuo na vez dun recurso.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 24.200 €; dos cales 14.400 corresponden á anualidade 2023 e 9.800 á anualidade 2024.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:



Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 22.000 €, dos cales 8.800 serán con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789, e 4.400 con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900, ambas do vixente Orzamento Xeral. Para subvencionar o importe restante, adquirirá o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír, na aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral da anualidade 2024, a cantidade de 8.800 €.

A dita cantidade de 22.000 € fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario.

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar as contas xustificativas que acrediten a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentadas e aprobadas as contas xustificativas achegadas, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:



1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo

de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

Os prazos inicialmente previstos para que o beneficiario remita as contas xustificativas que acrediten a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarcan ata o 31 de marzo de 2024, para a anualidade 2023; e ata o 31 de marzo de 2025, para a anualidade 2024.

Estes prazos de xustificación poden ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e os novos prazos non excedan da metade dos mesmos.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorridos os prazos de xustificación establecidos sen aportarse as mesmas, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexan presentadas. A falta de presentación das xustificacións neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.



Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro dos anos 2023 e 2024.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización dos períodos de xustificación previstos no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención correspondente a cada anualidade realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

No caso dos gastos de investimento correspondentes á anualidade 2023 (Programa informático) facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo seu custo total.

No caso dos demais gastos correspondentes á anualidade 2023, facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida, diminuído no importe correspondente aos gastos de investimento imputados á Deputación.

No caso dos gastos correspondentes á anualidade 2024, facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente



convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen ive- en obras)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobadas as contas xustificativas correspondentes a cada anualidade (2023 e 2024), será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisén.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.



c) Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumplimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumplimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	94.9	Outras actividades asociativas
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterá a súa vixencia ata o aboamento da conta xustificativa correspondente á anualidade 2024, que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será, como máximo, o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobada aquela na data límite do 31 de decembro de 2025.

A aprobación da conta xustificativa correspondente ao ano 2023 e o seu aboamento terán lugar, como máximo, o 31 de decembro de 2024 e o 31 de xaneiro de 2025, respectivamente. Todo elo respectando, en todo caso, o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenios

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cláusulas adicionais.

Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado en cada anualidade, é dicir, 6.600 € na anualidade 2023 e 4.400 € na anualidade 2024, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

Con todo, o anticipo correspondente á anualidade 2024 non poderá aboarse ata que a conta xustificativa correspondente ao ano 2023 estea aprobada.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento dos devanditos anticipos a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.

3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento dos anticipos, unha vez aprobados o mesmos, serán efectuados mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao



seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 13 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e
Mocidade
Mónica Freire Rancaño

O presidente da Asociación de criadores/as
de ovino e caprino de Galicia

Luis Miguel Rivera Otero

O SECRETARIO XERAL
José Antonio Mourelle Cillero”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sexto.- *Proposta de aprobación, se procede, da concesión da subvención excepcional á Federación Rural Galega (FRUGA).*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don Xurxo Álvarez Pérez, con DNI nº: ***6307**, en nome e representación da entidade Federación Rural Galega (FRUGA), con NIF: G70237904, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 4 de maio de 2023 (RE nº: 2023RT007787), escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa excepcional plurianual, por importe de 39.500 €, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos viños da IXP Terras do Navia”, durante as anualidades 2023 e 2024, engadindo documentación complementaria o día 9 do mesmo mes (RE nº: 2023RT008147).

En relación co expediente do procedemento de tramitación da dita solicitude, tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións;

No Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento;

Na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021);

Na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;

No Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

Nas Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión;

No Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020); e nas restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, nas normas de dereito privado; queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo a seguinte documentación:

1. Modelos normalizados de solicitude e documentación adicional esixida por Decreto da Presidencia do 25 de xaneiro e do 27 de outubro de 2022.

2. Convenio que instrumenta a concesión da dita subvención.

3. Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das demais circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparellada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

4. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención. Este informe contempla, ademais, a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, económico e social que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.



5. Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación da citada subvención.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2023, o órgano competente para o outorgamento da subvención é a Xunta de Goberno, a proposta do deputado delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 15.000 € de xeito individual; entendéndose aprobadas a autorización e disposición do gasto polo acordo de concesión.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e o outorgamento da subvención directa excepcional plurianual, por importe total de 39.500 €, a favor da Federación Rural Galega (FRUGA), para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos viños da IXP Terras do Navia” nas anualidades 2023 e 2024; subvención incluída na letra c) da liña 13.1 – Agricultura, gandería e pesca, do vixente anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2023, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023.

2º.- Aprobar o gasto plurianual, por importe total de 39.500 €, coa seguinte distribución:

23.700 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2023, a favor da mesma entidade e coa mesma finalidade descritas no parágrafo anterior.

15.800 €, con cargo á mesma aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, a favor da mesma entidade e coa mesma finalidade descritas nos parágrafos anteriores, adoptando o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no Orzamento Xeral para a anualidade 2024, a dita cantidade.

3º.- Aprobación do texto do convenio a través do que se canaliza a citada subvención, do seguinte teor:

“Convenio canalizador da subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Federación Rural Galega (FRUGA), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos viños da IXP Terras do Navia” nas anualidades 2023 e 2024.

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra parte, don Xurxo Álvarez Pérez, con DNI ***6307**, na súa condición de presidente, actúa en nome e representación da entidade Federación Rural Galega (FRUGA), en adiante beneficiario, con NIF G70237904, e con sede social na na Vía Edison, 11C, 1º, Pol. Ind. Do Tambre, de Santiago de Compostela, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.



Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (dentro da Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, da Área funcional de Medio Rural e do Mar, e Mocidade e dos obxectivos específicos I.4, I.5, e III.3) está prevista a concesión de subvencións, por parte da Deputación de Lugo, para: o fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe; a promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas; e a potenciación dos produtos autóctonos a través das denominacións de orixe.

Segundo.- Que por Acordo da Xunta de Goberno, de data..... dede 2023, aprobose o convenio que canaliza a subvención directa excepcional plurianual outorgada, por importe de 39.500 €, a favor do beneficiario, Federación Rural Galega (FRUGA), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos viños da IXP Terras do Navia”, nas anualidades do 2023 e 2024, coa seguinte desagregación:

Ano 2023: 23.700 €

Ano 2024: 15.800 €

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 23.700 €, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso de incluír, na mesma aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral da anualidade 2024, a cantidade de 15.800 €, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira,

Cuarto.- O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes

derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial á Federación Rural Galega (FRUGA) para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos viños da IXP Terras do Navia”, nas anualidades 2023 e 2024. Esta actuación consiste na realización de distintas actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos viños da IXP Terras do Navia, tales como: a elaboración dun Manual de Boas Prácticas, charlas-coloquio e mesas redondas de carácter promocional e divulgativo, catas promocionais comentadas dos viños da IXP, a elaboración dun vídeo divulgativo e promocional, a celebración dun encontro adegueiro das IXP galegas ou a celebración dun túnel do viño branco lexítimo; todo elo de cara a achegar o coñecemento dos viños da IXP Terras do Navia aos consumidores, favorecer a posta en valor da caste vinícola Branca Lexítima e favorecer o intercambio de coñecementos e experiencias entre produtores e elaboradores das IXP de viños galegos.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 42.000 €; dos cales 25.000 corresponden á anualidade 2023 e 17.000 á anualidade 2024.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.



Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación.

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 39.500 €, dos cales 23.700 serán con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral. Para subvencionar o importe restante, adquirirá o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír, na mesma aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral da anualidade 2024, a cantidade de 15.800 €.

A dita cantidade de 39.500 € fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario.

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar as contas xustificativas que acrediten a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentadas e aprobadas as contas xustificativas achegadas, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.



O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

Os prazos inicialmente previstos para que o beneficiario remita as contas xustificativas que acrediten a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarcan ata o 31 de marzo de 2024, para a anualidade 2023; e ata o 31 de marzo de 2025, para a anualidade 2024.

Estes prazos de xustificación poden ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e os novos prazos non excedan da metade dos mesmos.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorridos os prazos de xustificación establecidos sen aportarse as mesmas, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexan presentadas. A falta de presentación das xustificacións neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso



de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro dos anos 2023 e 2024.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización dos períodos de xustificación previstos no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención correspondente a cada anualidade realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.



A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen iva- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVE- en obras)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarse documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobadas as contas xustificativas correspondentes a cada anualidade (2023 e 2024), será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o



emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da

resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	01.6	Actividades de apoio á agricultura, á gandería e de preparación posterior á colleita
FINALIDADE	12	Agricultura, pesca e alimentación
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación



Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterá a súa vixencia ata o aboamento da conta xustificativa correspondente á anualidade 2024, que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será, como máximo, o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobada aquela na data límite do 31 de decembro de 2025.

A aprobación da conta xustificativa correspondente ao ano 2023 e o seu aboamento terán lugar, como máximo, o 31 de decembro de 2024 e o 31 de xaneiro de 2025, respectivamente. Todo elo respectando, en todo caso, o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenios.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.



A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cláusulas adicionais.

Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado en cada anualidade, é dicir, 11.850 € na anualidade 2023 e 7.900 € na anualidade 2024, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

Con todo, o anticipo correspondente á anualidade 2024 non poderá aboarse ata que a conta xustificativa correspondente ao ano 2023 estea aprobada.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento dos devanditos anticipos a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.

3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento dos anticipos, unha vez aprobados o mesmos, serán efectuados mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.



E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 13 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e
Mocidade
Mónica Freire Rancaño

O presidente da Federación
Rural Galega (FRUGA)
Xurxo Álvarez Pérez

O SECRETARIO XERAL
José Antonio Mourelle Cillero”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sétimo.- *Proposta de aprobación, se procede, da concesión da subvención excepcional á Asociación de criadores de la raza porcina celta.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don José Barreira Alonso, con DNI nº: ****6182**, en nome e representación da entidade Asociación de criadores de la raza porcina Celta, con NIF: G27243500, presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, o 4 de maio de 2023 (RE nº: 2023RT007788), escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa excepcional plurianual, por importe de 18.500 €, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Garantía de orixe dos produtos de Porco Celta”, durante as anualidades 2023 e 2024.

En relación co expediente do procedemento de tramitación da dita solicitude, tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións;

No Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento;

Na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021);

Na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;

No Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

Nas Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión;

No Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020);

E nas restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, nas normas de dereito privado; queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constando no mesmo a seguinte documentación:

1. Modelos normalizados de solicitude e documentación adicional esixida por Decreto da Presidencia do 25 de xaneiro e do 27 de outubro de 2022.

2. Convenio que instrumenta a concesión da dita subvención.

3. Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das demais circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparellada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

4. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención. Este informe contempla, ademais, a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, económico e social que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

5. Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación da citada subvención.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2023, o órgano competente para o outorgamento da subvención é a Xunta de Goberno, a proposta do



deputado delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa igual ou superior a 15.000 € de xeito individual; entendéndose aprobadas a autorización e disposición do gasto polo acordo de concesión.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e o outorgamento da subvención directa excepcional plurianual, por importe total de 18.500 €, a favor da Asociación de criadores de la raza porcina Celta, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Garantía de orixe dos produtos de Porco Celta”, nas anualidades 2023 e 2024; subvención incluída na letra c) da liña 13.1 – Agricultura, gandería e pesca, do vixente anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2023, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023.

2º.- Aprobar o gasto plurianual, por importe total de 18.500 €, coa seguinte distribución:

11.300 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2023, a favor da mesma entidade e coa mesma finalidade descritas no parágrafo anterior.

7.200 €, con cargo á mesma aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, a favor da mesma entidade e coa mesma finalidade descritas nos parágrafos anteriores, adoptando o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no Orzamento Xeral para a anualidade 2024, a dita cantidade.

3º.- Aprobación do texto do convenio a través do que se canaliza a citada subvención, do seguinte teor:

“Convenio canalizador da subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de criadores de la raza porcina celta, co obxecto de

colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Garantía de orixe dos produtos de porco celta” nas anualidades 2023 e 2024.

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra parte, don José Barreira Alonso, con DNI ***6182**, na súa condición de presidente, actúa en nome e representación da entidade Asociación de criadores de la raza porcina Celta, en adiante beneficiario, con NIF G27243500, e con sede social en Lugar Recinto Feiral - Palomar, de Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (dentro da Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, da Área funcional de Medio Rural e do Mar, e Mocidade e dos obxectivos específicos I.2, I.4, I.5 e III.3) está prevista a concesión de subvencións, por parte da Deputación de Lugo, para: a mellora da calidade e seguridade dos produtos agroalimentarios, mediante o establecemento de sistemas de certificación e trazabilidade da cadea alimentaria; o fomento das producións de calidade; a posta en valor dos nosos produtos gandeiros; e a potenciación dos produtos autóctonos.



Segundo.- Que por Acordo da Xunta de Goberno, de datade de 2023, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional plurianual outorgada, por importe de 18.500 €, a favor do beneficiario, Asociación de criadores de la raza porcina Celta, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Garantía de orixe dos produtos de Porco Celta”, nas anualidades do 2023 e 2024, coa seguinte desagregación:

Ano 2023: 11.300 €

Ano 2024: 7.200 €

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 11.300 €, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso de incluír, na mesma aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral da anualidade 2024, a cantidade de 7.200 €, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira,

Cuarto.- O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial á Asociación de criadores de la raza porcina Celta para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Garantía de orixe dos produtos de Porco Celta “, nas anualidades 2023 e 2024. Esta actuación consiste na adquisición de material de toma de mostras de ADN e talonarios de formularios autocopiativos, que permita á entidade beneficiaria, como xestora do Libro Xenealóxico da raza Porco Celta, garantir a orixe dos produtos desta raza animal nas canles de comercialización.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 19.500 €; dos cales 11.900 corresponden á anualidade 2023 e 7.600 á anualidade 2024.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación.

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 18.500 €, dos cales 11.300 serán con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral. Para subvencionar o importe restante, adquirirá o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír, na mesma aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral da anualidade 2024, a cantidade de 7.200 €.



A dita cantidade de 18.500 € fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario.

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar as contas xustificativas que acrediten a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentadas e aprobadas as contas xustificativas achegadas, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.



3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.

4. Que estean vinculadas co beneficiario.

5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.

b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de

2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

Os prazos inicialmente previstos para que o beneficiario remita as contas xustificativas que acrediten a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarcan ata o 31 de marzo de 2024, para a anualidade 2023; e ata o 31 de marzo de 2025, para a anualidade 2024.

Estes prazos de xustificación poden ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e os novos prazos non excedan da metade dos mesmos.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorridos os prazos de xustificación establecidos sen aportarse as mesmas, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexan presentadas. A falta de presentación das xustificacións neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro dos anos 2023 e 2024.



Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización dos períodos de xustificación previstos no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención correspondente a cada anualidade realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballadotraballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas

obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera



moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen iva- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVA- en obras).

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobadas as contas xustificativas correspondentes a cada anualidade (2023 e 2024), será efectuada mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar o a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 37 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisén.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



f) Incumplimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumplimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumplimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	94.9	Outras actividades asociativas
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.



Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterá a súa vixencia ata o aboamento da conta xustificativa correspondente á anualidade 2024, que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será, como máximo, o 31 de xaneiro de 2026, debendo estar aprobada aquela na data límite do 31 de decembro de 2025.

A aprobación da conta xustificativa correspondente ao ano 2023 e o seu aboamento terán lugar, como máximo, o 31 de decembro de 2024 e o 31 de xaneiro de 2025, respectivamente. Todo elo respectando, en todo caso, o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenios.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:



1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.

3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cláusulas adicionais.

Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50 % sobre o importe total subvencionado en cada anualidade, é dicir, 5.650 € na anualidade 2023 e 3.600 € na anualidade 2024, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

Con todo, o anticipo correspondente á anualidade 2024 non poderá aboarse ata que a conta xustificativa correspondente ao ano 2023 estea aprobada.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento dos devanditos anticipos a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitud achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do anexo I da solicitud da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento dos anticipos, unha vez aprobados o mesmos, serán efectuados mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 12 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.



O PRESIDENTE,
P.D. Decreto do 15/10/2019
A deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e
Mocidade
Mónica Freire Rancaño

O presidente da Asociación de criadores
de la raza porcina Celta

José Barreira Alonso

O SECRETARIO XERAL
José Antonio Mourelle Cillero”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo oitavo.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo a subscribir co Concello de Ribadeo.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don Fernando Suárez Barcia, con DNI nº: ****9411**, en nome e representación do Concello de Ribadeo, con NIF: P2705100B, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 24 de abril de 2023 (RE nº 2023RT006990), escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta das obras de “Renovación do pavimento e dotación de servizos á rúa Manuela Barreiro Pico”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal; engadindo documentación complementaria o 5 de maio de 2023 (RE nº: 2023RT007858).

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe do seguinte teor: “(...).

Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa aplicable.

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos

públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse, esencialmente, por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As restantes normas de Dereito Administrativo que, en cada caso, sexan de aplicación.

II. Relacións interadministrativas.

A relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico-administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, establecidos con carácter básico nos artigos 3.1.k), 140.1.d), 141.1.d), 143 e 144.1.d) da LRXSP, e, para o ámbito local, nos artigos 57 da LRBRL, 111 do TRRL e 193.1.b) da LALGA.

III. Títulos competenciais.

As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo no marco da relación de cooperación proxectada son as establecidas nos artigos 36.1, letras b) e d) da LRBRL, e 109.1.d) da LALGA.

Pola súa banda, o Municipio de Ribadeo ostenta competencias propias, entre outras, en materia de: abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido nas letras c) e d) do artigo 25.2 da LRBRL.



Asemade, con independencia das competencias que naquelas materias lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, os servizos de alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros e pavimentación das vías públicas.

IV. Financiación das actuacións.

O custo total de execución das obras que constitúen o obxecto da relación de cooperación proxectada ascende a 214.696,39 € (IVE incluído), que se financiarán integramente pola Deputación Provincial de Lugo.

Con todo, o Concello de Ribadeo achegará a cantidade que, no caso de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido.

V. Órgano competente para a aprobación do convenio.

En canto á competencia para a aprobación do convenio que a Deputación proxecta subscribir co Concello de Ribadeo, corresponderalle aquela á Xunta de Goberno, en virtude do establecido nos artigos 59.18 e 59.8 do RODPL, en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e no apartado IV deste informe.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se acorde pola Xunta de Goberno:

1. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta das obras de “Renovación do pavimento e dotación de servizos á rúa Manuela Barreiro Pico”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal, por importe total de 214.696,39 €, que serán a cargo da Deputación de Lugo.

2. Aprobar o gasto, por importe de 214.696,39 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

No expediente constan, ademais:

Memoria xustificativa, emitida polo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actividade, e o cumprimento do previsto na LRXSP.

Borrador do texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, a Unidade de Intervención manifestou a súa conformidade en informe de fiscalización limitada previa do 12 de maio de 2023.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, para a realización conxunta das obras de “Renovación do pavimento e dotación de servizos á rúa Manuela Barreiro Pico”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: P2700000I, e sede social na rúa San Marcos, 8, de Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, dona Mónica Freire Rancaño, deputada



delegada da Área de Medio Rural e do M Mar, Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2019.

E doutra, don Fernando Suárez Barcia, con DNI nº: ****9411**, alcalde do Concello de Ribadeo, con NIF: P2705100B, e sede social na Praza de España, 1, de Ribadeo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e, a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- A rúa Manuela Barreiro Pico, no municipio de Ribadeo, é unha rúa onde predominan as vivendas unifamiliares, pero que é moi transitada debido á proximidade da autovía A-8.

O alto volume de tráfico, así como o paso dos anos, provocaron a aparición de numerosos baches e afundimentos na calzada.

Ademais, unha parte da vía non conta con edificacións e ten un ancho moi estreito, inferior a 5 metros, que dificulta o paso de dous vehículos, así como a convivencia entre peóns e automóbiles.

Por outra banda, non se coñece por onde discorre a tubaxe de abastecemento de auga, que, debido á súa antigüidade, sofre habitualmente roturas ou fugas difíciles de arranxar polo descoñecemento da localización exacta da tubaxe, o que, ademais, pode provocar perigo para as vivendas que se sitúan na contorna.

A rúa conta cun servizo de alcantarillado moi antigo, que carece de suficientes pozos de rexistro para controlar o percorrido do servizo, producíndose perdas polos novos entronques realizados para cada nova vivenda.

A calzada atópase acabada con rego asfáltico, con numerosas roturas debido ás últimas acometidas realizadas dos servizos das diferentes vivendas.

Resulta, en consecuencia, absolutamente necesaria a execución das obras que permitan reparar, con garantías, os distintos compoñentes da vía sinalada; execución para a que o Concello de Ribadeo solicita o apoio da Deputación de Lugo.

Segundo.- O medio rural é un dos elementos fundamentais na vertebración social e económica da Provincia de Lugo. Ademais, é o soporte físico dun extenso e variado patrimonio natural e cultural que representa, hoxe, un dos nosos grandes valores, sendo a base de moitas actividades económicas que xeran importantes niveis de emprego e renda.

No seu ámbito, as infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo dos seus habitantes e contribuindo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.

En particular, o bo estado das vías públicas facilita a accesibilidade e vertebración do territorio e, por outra banda, contribúe ao aumento da competitividade agraria e forestal. E, como toda infraestrutura, precisa dun acondicionamento e mellora que lle permita seguir cumprindo coas súas funcións.

Por elo, o medio rural provincial precisa de políticas de desenvolvemento acordes coas tendencias actuais na materia. Neste senso, cómpre ter en conta que, en contraposición ao concepto de desenvolvemento rural que imperaba na última metade do século XX, na actualidade, o desenvolvemento rural non só busca a mellora da competitividade das explotacións ou unha maior renda dos traballadores do sector primario, senón que pretende, ademais, a cohesión social e territorial, mellorando así as condicións de vida e traballo neste medio, e contribuindo, polo tanto, non só ao desenvolvemento económico, senón tamén social.

O Municipio de Ribadeo ten un carácter eminentemente rural, onde incluso os núcleos que poden considerarse máis urbanos teñen unha clara composición e estrutura rural, tendo un amplo sistema viario de interconexión das parroquias que o integran.

Incluso a vila de Ribadeo presenta caracteres tipicamente rurais, pois, coa excepción do seu núcleo, existen moitos barrios e rúas cunha clara composición de aquel carácter, formados por vivendas unifamiliares habitadas por persoas para as que as actividades do sector primario constitúen o seu xeito de vida principal ou, nalgúns casos, complementario a outras actividades.



Unha destas rúas é a rúa Manuela Barreiro Pico, en moi mal estado non só pola situación do seu pavimento, senón tamén polas infraestruturas que se atopan soterradas nela.

Polo tanto, coa formalización da relación interadministrativa de cooperación proposta polo representante do Concello de Ribadeo contribúese sensiblemente ao desenvolvemento social provincial, pois a execución das obras proxectadas deriva na vertebración veciñal e tamén na creación dun ben inmaterial de incalculable valor, como é a conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un rural ao que tódalas Administracións deben apoiar.

O Municipio, consonte ao artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL), “para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Continúa o apartado 2 do citado artigo citando as materias nas que, en todo caso, os municipios exercerán competencias propias, nos termos en que a lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas lles atribúan, entre as que cabe citar, no caso que nos ocupa: o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais, a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Asemade, o alumeadado público, o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación de augas residuais, a rede de sumidoiros e a pavimentación das vías públicas constitúen servizos mínimos obrigatorios que tódolos Municipios deben prestar, a teor do disposto no artigo 26.1.a) da mesma LRBRL.

O exercicio pleno de aquelas competencias e a prestación integral e axeitada destes servizos constitúe unha quimera no caso da maior parte das entidades locais, pois unhas e outros constitúen unha pequena parte da totalidade das/os que lles corresponden.

Neste senso, adquiren gran relevancia as consideracións que se reflicten no Libro Verde da Cohesión Territorial, en torno á necesidade de fomentala cooperación entre Administracións; e, así mesmo, hai que ter en conta que as Administracións Públicas actúan de acordo a uns principios establecidos, entre outros, no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP); destacando entre eles, no caso que nos ocupa, o de cooperación, previsto na letra d) do apartado 1 do dito artigo.

A teor do disposto naquel, o principio de cooperación materialízase cando dúas ou máis Administracións, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común.

Pois ben, para dar cumprimento ao principio de cooperación, as Administracións interesadas estimarán as técnicas que consideren máis axeitadas, como poden ser a prestación de medios materiais, económicos ou persoais, que se materializará coa formalización de relacións de cooperación que requiren da aceptación expresa das partes, formulada, entre outros instrumentos, a través de convenios, nos que estarán previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben (art. 143 e 144 da LRXSP).

Do mesmo xeito se establece na regulación autonómica galega e no ámbito da normativa local, en concreto nos artigos 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 57 da LRBRL.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada polo representante do Concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico administrativo necesario para a realización das obras proxectadas por aquel, que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público na súa actuación e relacións, tal e como quedaron expostos.

Por todo o ata aquí exposto, podemos concluír que as obras proxectadas polo Concello de Ribadeo, e para cuxa execución solicita a cooperación da Deputación Provincial de Lugo, son obras de interese público, non só económico, senón tamén social, que xustifican a necesidade da formalización da relación de cooperación suscitada.

Terceiro.- No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d); en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que unha axeitada infraestrutura viaria contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, garantindo, ademais, que a vida nos núcleos rurais sexa igual de satisfactoria que a vida nos núcleos máis urbanos.

Por maior abastanza, no caso que nos ocupa, resulta de aplicación o disposto no artigo 30 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, que establece a obriga da Deputación de cooperar á efectividade dos servizos municipais, a través de, entre outros, os medios económicos propios da mesma.

Os servizos aos que debe alcanzar a dita cooperación serán, consonte ao dito artigo, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da LRBRL, entre os que se atopa a pavimentación das vías públicas.

Pola súa banda, o Municipio de Ribadeo ostenta competencias propias, entre outras, en materia de: abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido nas letras c) e d) do artigo 25.2 da LRBRL.

Asemade, con independencia das competencias que naquelas materias lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros, os servizos de alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros e pavimentación das vías públicas.

Polo tanto, o Municipio de Ribadeo queda lexitimado para, a través do representante do seu Concello, formalizar a relación de cooperación suscitada, asinando o corresponde convenio.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

En virtude de todo o sinalado, os representantes das entidades locais citadas subscriben, en nome destas, o presente convenio interadministrativo de cooperación, de conformidade coas seguintes.

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, co obxecto de colaborar na realización conxunta das obras de “Renovación do pavimento e dotación de servizos á rúa Manuela Barreiro Pico”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria municipal.

Para a realización das ditas obras e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar e financiar as obras e gastos seguintes, segundo a estimación que se reflicte na solicitude e na memoria valorada presentada polo representante do Concello de Ribadeo:

GASTOS	
Concepto	Custo
- Acondicionamento do terreo	18.171,57 €
- Saneamento	33.878,48 €
- Abastecemento de auga	11.720,53 €
- Alumeado público	44.887,03 €
- Firms e pavimentos urbanos	32.433,30 €
- Equipamento urbano	4.390,71 €
- Varios (segundo memoria valorada)	429,47 €
- Control de calidade	210,12 €
- Xestión de residuos	953,86 €
- Estudio de seguridade e saúde	2.030,00 €
- Gastos xerais (13%)	19.383,66 €
- Beneficio industrial (6%)	8.946,30 €
- IVE (21%)	37.261,36 €
TOTAL GASTOS	214.696,39 €

Tal e como se reflicte na dita memoria valorada, subscrita polo arquitecto municipal, o Concello de Ribadeo é titular da maior parte da vía onde se formulan as actuacións, non sendo necesario xestionar ningún permiso para a execución das obras.

Con todo, as parcelas que se pretenden ocupar para ensanchar a rúa son de titularidade privada, contando o concello cos correspondentes acordos de cesión dos titulares afectados.

O custo total derivado da execución das ditas obras, financiaranse integramente pola Deputación de Lugo. Porén, o Concello de Ribadeo financiará a cantidade que, no caso de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.



Segunda.- Ámbito territorial das actuacións obxecto do convenio.

O ámbito territorial de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo e, concretamente, o termo municipal de Ribadeo.

Terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes.

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 214.696,39 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023.

2) No caso de producirse baixas na licitación ou de que os custos de execución do obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, a Deputación de Lugo terá a facultade de reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do Concello de Ribadeo, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de Ribadeo.

1) Poner a disposición a vía na que se van a executar as obras que constitúen o obxecto do convenio.

2) Obter os permisos e autorización que resulten preceptivas, de ser o caso, para a realización das obras, incluíndo o seu aseguramento.

3) Elaborar, supervisar, aprobar e reformular o correspondente proxecto que defina con precisión as obras a executar.

4) Asumir a dirección de obra e a dirección da súa execución.

5) Asumir a coordinación en materia de seguridade e saúde das obras que o requiran legalmente.

6) Licitar a execución de aquelas con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.

7) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, reste e sexa necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

8) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.

9) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

10) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

11) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 214.696,39 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2023, para que o Concello de Ribadeo poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.

B. Do Concello de Ribadeo.

O Concello de Ribadeo asumirá o importe que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido coa sinatura deste convenio e a súa axeitada execución.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de Ribadeo será titular do resultado da cooperación: Renovación do pavimento e dotación de servizos á rúa Manuela Barreiro Pico, coa obriga de dedicar o mesmo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinta.- Xustificación da achega económica.

Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 31 de marzo de 2024, o representante do Concello de Ribadeo presentará ante a



Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Acta de recepción das obras, expedida polo facultativo designado polo Concello de Ribadeo.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:

Indicativa do custo total da actividade desenvolta e dos importes do financiamento.

Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Fotografías das obras realizadas no marco deste convenio.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Ribadeo:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento das cantidades que resulten fiscalizadas favorablemente.

Sexta.- Duración do convenio.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023, e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas nel asumidos.

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Sétima.- Modificación do convenio.

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante a sinatura polas partes da correspondente addenda, poderá realizarse por mutuo acordo delas, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

Oitava.- Extinción do convenio e os seus efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución, consonte ao artigo 51.2 da LRXSP:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.
(...).
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.



O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

O convenio entenderase cumprido cando o seu obxecto se realizara nos termos e a satisfacción das partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta, consonte ao artigo 52.2 da LRXSP, as seguintes regras:

a) Se da liquidación resultara que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fora inferior aos fondos que a mesma recibira do resto das partes do convenio para financiar dita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes dende que se aprobara a liquidación.

Transcorrido o prazo máximo dun mes, mencionado no parágrafo anterior, sen que se producira o reintegro, deberase aboar a ditas partes, tamén no prazo dun mes a contar dende ese momento, o xuro de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económico-financeira do sector público.

b) Se fora superior, o resto das partes do convenio, no prazo dun mes dende a aprobación da liquidación, deberá aboar á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha das partes se comprometera a achegar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a esixir ao resto contía algunha que supere os citados límites máximos.

Novena.- Comisión de seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control do mesmo, establecerase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto daquel. Ostentará a condición de presidente da comisión de seguimento quen o sexa do ente provincial.

Os membros da comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán, así mesmo, asistir á comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodárase ao disposto na LRXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes que aludan ou informen da actividade ou actuación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), o Concello de Ribadeo incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitálos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalos. A Deputación, pola súa banda, incorporará os que lle facilite aquel.

Ademais, consonte ao artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo (publicada no BOP nº 212, do 14 de setembro de 2016), o Concello de Ribadeo deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ámbalas Administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello de Ribadeo comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.



Décimo primeira.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e, consonte ao artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta non lle é de aplicación, pois, segundo aquel:

Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico-pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico-privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...).

Neste caso, cómprense as condicións fixadas ao efecto polo apartado 1 deste artigo 6 (letras a, b e c) xa que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado, o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...).

b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

Así mesmo, nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, nos que as Administracións intervenientes ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, segundo o disposto no artigo 2.4.b) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Polo tanto, este convenio de natureza administrativa rexeráse pola LRBRL e pola LRXSP, así como polas restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

As partes comprométense a resolver, de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Noutro caso, será competente para entender dos litixios que puidesen xurdir a Xurisdición Contencioso – Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, na data da sinatura dixital, do que como secretario dou fe.

O presidente da Deputación de Lugo P.D. Decreto do
15/10/2019
A deputada da Área de Medio Rural e do Mar, Mocidade
Mónica Freire Rancaño

O alcalde do Concello de Ribadeo

Fernando Suárez Barcia

O secretario xeral da Deputación de Lugo
José Antonio Mourelle Cillero”

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 214.696,39 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do vixente Orzamento Xeral Provincial, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo noveno.- *Proposta de aprobación, se procede, do modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento da “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"En relación ao asunto de referencia (EXP. 2023/PES_03/011291) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe.

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 20 de xaneiro de 2023, acordou o seguinte:

1. Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, ano 2023, por importe total de 109.258,06€ (dos que 87.406,45€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 21.851,61€ serán financiados pola Fundación TerrEo).

2. Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 87.406,45€ con cargo nas aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral que se relacionan a continuación:

1720.48900: 61.068,38 €

1720.789: 26.338,07 €

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, ano 2023, formalizouse o 20 de xaneiro de 2023.

Terceiro.- O representante da Fundación TerrEo remitiu, o 19 de maio de 2023 (2023RT009000) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Visto que na solicitude do convenio se proxectaba unha contratación para 12 meses dun peón para o coidado e mantemento da instalación e que o prazo fin de execución acaba o 31 de decembro de 2023, non dando tempo a imputar os gastos do personal de 12 meses.

Visto que en gasto corrente se destinou a personal 29.500,00 euros para a anualidade 2023 e a imposibilidade de executalo dentro dese período.

Solicito.

Primeiro.- Modificar o convenio interadministrativo asinado entre a Fundación Terreo e a Excma. Deputación de Lugo de anual a plurianual (2023-2024), co seguinte desglose económico:

Gasto Corrente	
PERSONAL- ANUALIDADE 2023	PERSONAL - ANUALIDADE 2024
21.427,56 €	8.072,44 €

Segundo.- Ampliación do prazo de execución ata o 31 de marzo de 2024 para executar o gasto corrente”.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- No artigo 32 da Lei 39/2015, da LPACAP dispónse que: “1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio o a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que no exceda de la metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.(...) 3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos o sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sen prexuízo del procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento (..)”

Segunda: No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(...



3.2. A Fundación TerrEo:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, a Fundación TerrEo, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 21.851,61€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Executar a actuación na data límite do 31 de decembro de 2023.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirida, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo”.

Na cláusula Cuarta.- Réxime económico.

“(…)

C) Xustificación da achega económica.

A Fundación TerrEo, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido: (...)”

Na cláusula Sexta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo

caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Sétima.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, ano 2023, formalizado o 20 de xaneiro de 2023 é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o mesmo.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo,

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común),

Os prazos que se pretenden modificar non están vencidos,

Os novos prazos non exceden da metade dos prazos previstos nas bases,

E que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a modificación solicitada pola representante das Fundación TerrEo nos termos da modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e Fundación TerrEo para cooperar no financiamento da “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, formalizado o 20 de xaneiro de 2023 que quedaría redactado no seguinte senso.

Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento da “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Roberto Fernández Rico, Presidente da Fundación TerrEO, con N.I.F G-42882704 e sede social en Chao de Pousadorio s/n, Ribeira de Piquín, actuando en nome e representación da citada entidade e con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 20 de xaneiro de 2023, acordou o seguinte:

1º. Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, ano 2023, por importe total de 109.258,06€ (dos que 87.406,45€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 21.851,61€ serán financiados pola Fundación TerrEo).

2º. Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 87.406,45€ con cargo nas aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral que se relacionan a continuación:

1720.48900: 61.068,38 €

1720.789: 26.338,07 €.

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, ano 2023, formalizouse o 20 de xaneiro de 2023.

Terceiro.- O representante da Fundación TerrEo remitiu, o 19 de maio de 2023 (2023RT009000) escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Visto que na solicitude do convenio se proxectaba unha contratación para 12 meses dun peón para o coidado e mantemento da instalación e que o prazo fin de execución acaba o 31 de decembro de 2023, non dando tempo a imputar os gastos do personal de 12 meses.

Visto que en gasto corrente se destinou a personal 29.500,00 euros para a anualidade 2023 e a imposibilidade de executalo dentro dese período.

Solicito,

Primeiro.- Modificar o convenio interadministrativo asinado entre a Fundación Terreo e a Excma. Deputación de Lugo de anual a plurianual (2023-2024), co seguinte desglose económico:

PERSONAL- ANUALIDADE 2023
21.427,56 €

GASTO CORRENTE

PERSONAL - ANUALIDADE 2024
8.072,44 €



Segundo.- Ampliación do prazo de execución ata o 31 de marzo de 2024 para executar o gasto corrente”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente modificación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas primeira, terceira e cuarta que quedarían redactadas no seguinte senso:

Cláusula primeira.- Obxecto.

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	ANO 2023	ANO 2024
Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín		
Liña 1: Gasto Corrente		
Subministro de alevines	53.419,99 €	0,00 €
Contratación de persoal para os coidados e mantemento da instalación	21.427,56€	8.072,44 €
Liña 2: Inversión		
Adquisición máquina saca follas	26.338,07 €	0,00 €
Custe total	109.258,06 (IVE engadido)	

Para acadar este obxectivo compartido, ambas entidades comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DA FUNDACIÓN
ANO 2023:	ANO 2023
Liña 1 - 61.068,38 €	Liña 1: 13.779,17 €
Liña 2 - 26.338,07 €	ANO 2024
	Liña 1 : 8.072,44
TOTAL: 109.258,06 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas entidades comprométese a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida”.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

3.2. A Fundación TerrEo:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, a Fundación TerrEo, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 21.851,61€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Executar as actuacións da Liña 1 e da Liña 2 a imputar á Deputación na data límite do 31 de decembro de 2023.

Executar as actuacións da Liña 1 a imputar á Fundación na data límite do 31 de marzo de 2024.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirida, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cuarta.- Réxime económico.

“(…)



Xustificación da achega económica.

A Fundación TerrEo, achegará, como data límite do 30 de xuño de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción das inversións.

Declaración responsable emitida polo representante da Fundación indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante da Fundación na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante da Fundación sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que a Fundación non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante da Fundación, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que

este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

No caso de que a Deputación tivese aboado un anticipo e a Fundación non executase a totalidade da cantidade aboada por este concepto, a Fundación presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 20 de xaneiro de 2023, esta modificación a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente modificación do que como secretario que dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e Concello de Valadouro co obxecto de colaborar na “Execución pista de pádel en Ferreira do Valadouro”.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:



Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Valadouro para a execución dos fins común de “Execución pista de pádel en Ferreira do Valadouro”, consta no expediente.

1. Solicitude do Concello de Valadouro con número de expediente no GTM: 2023/PES_03/010800 que inclúe ademais:

a. Proxecto de execución do investimento.

b. Declaración responsable relativa a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de Valadouro

2. Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

3. Memoria de impacto económico.

4. Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto,o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Valadouro, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Execución pista de pádel en Ferreira do Valadouro”, cun orzamento total de 51.288,14€, nos termos do convenio que literalmente se transcribe:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Valadouro co obxecto de colaborar na “Execución pista de pádel en Ferreira do Valadouro”.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da

citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, en virtude da resolución presidencial de data 15 de outubro de 2019.

E doutra, Don Eliseo Teijeiro Orol, con DNI nº ****9891**, Concelleiro do Concello do Valadouro, con NIF: P2705100B, e sede social en Feira Nova, nº 1, O Valadouro, actuando en nome e representación da citada entidade (Certificado da Secretaria Interventora do Excmo. Concello do Valadouro dona Regina Blanco Martínez), con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.(...)”.

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións



municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Sétimo.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema

multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”



Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Noveno.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Noveno.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e

autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Décimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación



poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Décimo primeiro.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Décimo segundo.- Os artigos 7, 8 e 9 da Lei 3/2012 de 2 de abril, de Deporte de Galicia recollen as competencias en materia deportiva dos municipios e das entidades locais supramunicipais, nos seguintes termos:

“Artigo 7. Deputacións provinciais.

As deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte.
2. Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
3. Asistir os municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade económica e de xestión, no deseño e na construción de instalacións deportivas e no desenvolvemento da práctica deportiva.
4. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade provincial e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos.

5. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas existentes no seu termo e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito na optimización do seu uso, así como coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.

6. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Artigo 8. Os municipios.

Os municipios, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.

2. Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.

4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.

5. Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.

(...)

9. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.

(...)

Artigo 9. Relacións interadministrativas.

As competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral.

Así mesmo, as administracións públicas galegas relaciónanse co Estado e co resto de comunidades sobre a base da cooperación e da colaboración recíproca.”



En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Valadouro en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Concepto	CUSTE TOTAL
Execución pista de pádel en Ferreira do Valadouro e honorarios de dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde da obra	51.288,14€ (IVE incluído)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
51.288,14€	51.288,14€

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Valadouro.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (51.288,14€)

2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir o financiamento comprometido pola Deputación ou, previa solicitude do Concello de Valadouro, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Valadouro:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Valadouro, comprométese ao seguinte:

1. Achegar todos os terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións.

2. Asumir os custos da redacción do proxecto.

3. Licitar os investimentos con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, no seu caso, os tributos que se apliquen, e conservará as obras executadas, adicándoas ao fin que lle é propio.

4. Achegar, para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

5. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións determinense pola Deputación Provincial de Lugo.

6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

7. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.



10. Executar as actuación obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.

11. Redactar e achegar os proxectos técnicos e no seu caso, as memorias técnicas necesarias segundo proceda legalmente.

12. Recibir e ser titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

Cuarta.- Réxime económico.

a. Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 51.288,14€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.-Achega do Concello.

O Concello de Valadouro achegará para a execución do convenio o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

b. Titularidade do resultado da cooperación.

O Concello de Valadouro será titular do resultado da cooperación, coa obriga de dedicar a mesma ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

c. Xustificación da achega económica.

O Concello de Valadouro, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade se atopa executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción das obras.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello de Valadouro, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Valadouro non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de Valadouro, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Fotografías dos carteis/pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.



Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de

cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a. Velar polo cumprimento deste convenio.
- b. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Valadouro incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello de Valadouro deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.



Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 10 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.

O Presidente
P.D. Decreto do 15/10/2019
O Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e
Deseño e Memoria Histórica
Asdo: D. Efrén Castro Caloto

O Concelleiro do Concello do Valadouro

Asdo.: Eliseo Teijeiro Orol

O SECRETARIO XERAL,
Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 51.288,14€, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023, a favor do Concello de Valadouro, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE TITULARIDADE DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE ACORDO AO DISPOSTO NOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS APROBADOS POR ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN DO 29.11.2016, DO CONTRATO PARA A CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“Antecedentes.

1. O 8 de novembro de 2017 asínase o Contrato para a concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, que se adjudicou á empresa Recría Castro S.L.U.

O adjudicatario do contrato comprométese á súa execución con suxeición ao Anteproxecto de explotación e os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de Prescricións técnicas aprobados por Acordo do Pleno da corporación en sesión do 29-11-2016.

2. O Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro” na cláusula n.º 8 . Obrigacións da concesionaria , no punto 8.2 .- En relación coa atención aos usuarios , no apartado g) establece o seguinte:

“Solicitar cantos permisos ou autorizacións sexan precisos para o desenvolvemento da actividade, incluídas as relativas á posta en funcionamento da planta de biogás, será de conta do concesionario a súa obtención...”

Asímesmo no punto 8.7.- Outras obrigacións, no apartado b) establece o seguinte:

“Sufragar os gastos de mantemento, gastos correntes e de consumos enerxéticos, de abastecemento de augas e outras subministracións correspondentes aos espazos utilizados. A concesionaria deberá realizar o cambio de titularidade dos contratos das subministracións enerxéticas, auga e similar, ao comezo da concesión. Os custos derivados deste cambio serán a cargo da concesionaria. De igual forma, a concesionaria deberá xestionar o cambio de titularidade necesario á finalización do contrato, a favor dos titulares que determine a Deputación de Lugo, asumindo ao seu cargo os custos.”

3. O Prego de Prescricións técnicas do Contrato da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro” no apartado 3º. Prego de prescricións técnicas a cumprir polas obras e instalacións previstas, no punto 1. Condicións de tipo xeral, subapartado 1.1.- Obxecto deste prego, indica o seguinte:

“Son obxecto deste prego todos os traballos necesarios para a total realización das obras previstas a realizar pola entidade adxudicataria (balsa de xurros de 20.000 m³ e instalación de dous cadros de contadores ou analizadores de redes para a lectura independente dos consumos do centro de recría do resto da Granxa Gayoso), incluídos todos os materiais e medios auxiliares, a definición da normativa legal á que están suxeitos todos os procesos e persoas que interveñan na obra, o establecemento previo duns criterios e medios cos que se poderá estimar e valorar as obras realizadas, así como as condicións xerais que han de rexer na execución, control e recepción das mesmas.”

O Anteproxecto de xestión e explotación e obras do Centro de Recría Gayoso Castro do 28 de novembro de 2016, no apartado 4.1 refire as Instalacións e investimentos complementarios necesarios, e no punto 4.2 indica o seguinte:

“Tamén é necesario instalar 2 analizadores de redes eléctricas para poder computar de forma individual a enerxía eléctrica consumida no centro de recría e a consumida polo resto da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial, o custe estimado de instalación dos 2 analizadores de redes é de 5.000 €.”

A oferta presentada por Recría Castro S.L.U., no documento titulado Proxecto de Explotación do Centro de Recría “Gayoso Castro”, no apartado g) Melloras nos medios materiais adscritos á execución, indica o seguinte:



“Outras inversións: cabe sinalar a instalación de dous analizadores de rede eléctrica, unha báscula para camións de 50 toneladas e unha báscula dixital con mango para o pesado de animais de menos de 2.000kg.”

4. A Acta de recepción e comprobación do equipamento, edificacións, base territorial adscritos á concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, no apartado 3. Descrición xeral das instalacións e edificacións do centro de recría, indica que Recría Castro S.L.U. recibe entre outras instalacións e edificacións a seguinte:

“A planta de biogás ten cunha capacidade de produción de 300kw de enerxía eléctrica cun tratamento previsto de 30.000 m³ de puríns, esterco e residuos vexetais e 1.700 megavatios térmicos está composta por:

As conducións de recollida de xurros procedentes das instalacións do gando.

Carro mesturador á entrada dos dixestores que permite incorporar os resots de camas do gando e outros residuos sólidos.

Dous dixestores de metano.

Instalación para a recollida dos gases dos dixestores, queimador do metano e motor con turbina para a xeneración de electricidade e a súa utilización no Centro de Recría.

Instalación de separación de sólidos e 5 silos cubertos de almacenaxe de sólidos.

Unha balsa de dixestato de 5.780 m³ conectada coa planta de biogás para a recollida e almacenaxe dos líquidos resultantes do dixestor de biogás.”

5. Segundo consta na Acta de recepción da obra da Planta de biogás da segunda fase do Centro de Recría da Deputación de Lugo, do 30 de maio de 2015, as obras executáronse de acordo co proxecto aprobado e instrucións dadas polo facultativo director das obras, que se atopan en bo estado e que se entregan para o uso público á Deputación de Lugo, que as recibe, comezando con esa data o prazo de garantía. Se ben advírtese que non se puideron levar a cabo todas as comprobacións de funcionamento, mentres non se teña o purín suficiente nos dixestores para comprobar o seu funcionamento.

6. A ocupación do Centro de Recría dende a súa posta en marcha fíxose de xeito progresivo atendendo a razóns de bioseguridade e segundo consta na oferta presentada por Recría Castro S.L.U., no documento titulado Proxecto de Explotación do Centro de Recría “Gayoso Castro”, no apartado h) Relación de recursos persoais que se adscriben á execución, a previsión de ocupación do 100% estimábase no terceiro ano do contrato, sendo dese xeito previsible que a esa data a explotación producira suficiente volume de purín para poñer en funcionamento a planta de biogás.

7. Ao longo do ano 2022 a Deputación de Lugo levou a cabo as actuacións necesarias na planta de biogás do Centro de Recría a fin da posta en marcha definitiva da mesma.

8. Con data 8 de agosto de 2022, TRAGSA e as empresas colaboradoras na realización dos traballos técnicos, emiten certificados da posta en marcha definitiva das instalacións da planta de biogás da Granxa Gayoso Castro da Deputación de Lugo que conclúen que realizadas todas as comprobacións necesarias para a posta en marcha, constátase que a instalación atópase en situación e proceso dos puríns xenerados nas instalacións do Centro de recría “Gayoso Castro”. En canto ao motor de coxeneración tralas operacións da posta en marcha, constátase que o equipo atópase en boas condicións e estaría en condicións de funcionamento.

9. Con data 7 de marzo de 2023, TRAGSA emite un informe de “ Estimación da enerxía eléctrica bruta xenerada pola planta de biogás do centro de recría da Deputación de Lugo Gayoso Castro” que conclúe o seguinte:

“Se concluye que la Energia electrica bruta mensual generada estimada a partir de los datos de proyecto y equipos actualmente instalados sería de 186.000 Kwh (186 Mw)”.

No apartado 3.2. Enerxía bruta xenerada indica o seguinte:

“Con las características de los equipos instalados y teniendo en cuenta los datos teóricos de cogeneración, se puede obtener la siguiente potencia bruta mensual.

Potencia eléctrica 300 kW

Horas de funcionamiento/día (teóricas) 20 h

Días de funcionamiento media mensual (teóricos) 31 d

Potencia bruta media mensual 186.000 kW/h (186 Mw)



Potencia bruta media anual 2.232.000 kW/h (2232 Mw)”.

10. A Resolución da Presidencia do 17 de marzo de 2023, con CVS : IV7BGTJNZ474KSV2VVOUC37AGY, aproba adxudicar a execución relativa á “Redacción de informe relativo aos consumos enerxéticos na Granxa Gayoso Castro desde o ano 2019” , á empresa Manuel Novoa Castro, SL(EXPTE N.º: 2023/CM2_04/000156), adxudicataria do contrato do servizo de mantemento dos centros de transformación, liñas de media tensión e grupos electrógenos dos centros da Deputación Provincial de Lugo (EXP0019SE18-ABO), vixente ata o día 1 de marzo de 2023.

11. Con data 26 de abril de 2023, o adxudicatario do contrato ((EXPTE N.º: 2023/CM2_04/000156) para a “Redacción de informe relativo aos consumos enerxéticos na Granxa Gayoso Castro desde o ano 2019” emite o informe que leva por título: “Estudio sobre os consumos enerxéticos en Granxa Gayoso- Castro de Rei (Lugo) ” que conclúe o seguinte:

“14. Conclusiones.

Según se ha indicado en los apartados anteriores, el conjunto Unidad de Leche, Hospital San Rafael y Nave de Rubias consume el 28,26 % del consumo total de las instalaciones de Granxa Gayoso, mientras que el 71,74 % del consumo total es demandado por el centro de recría.

Se observa también que los meses de mayor demanda de consumo eléctrico se corresponden con los meses de invierno.

El consumo total, con una ocupación progresiva, a lo largo de 3 años del centro de recría se estima que ha ascendido a:

Año 2019: 61.042,69 kw.h

Año 2020: 152.277,70 kw.h

Año 2021: 242.763,83 kw.h

Consumo total (Año 2019+Año 2020+Año 2021) = 456.084,22 Kw.h

Finalmente, es necesario hacer hincapié que los datos del presente informe son aproximados y se han obtenido a partir de un proceso en el cual se han restado a los consumos totales de las instalaciones de Granxa Gayoso (con una ocupación al 100%), los consumos registrados en el cuadro general de protecciones de la Unidad de Leche y el cuadro principal de

alimentación de las naves de rubias a lo largo de 2 días con la disposición de las instalaciones existente en fecha de Agosto de 2022. Para obtener datos más fiables sería necesario registrar consumos de energía eléctrica durante más tiempo y preferentemente, en cada uno de los cuadros de protecciones de cada una de las naves del centro de recría y con la disposición de las instalaciones lo más semejante posible a la existente durante el período de tiempo objeto del presente informe.”

12. Con data 5 de maio de 2023 dende o Servizo da Granxa Gayoso Castro solicítase ao Servizo da Axencia da Enerxía da Deputación Provincial de Lugo, que emita un informe relativo aos consumos enerxéticos da Granxa Gayoso Castro e a produción de enerxía eléctrica da planta de biogás do Centro de Recría (N.º EXPTE: 2023/XEN_01/001238).

Con data 11 de maio de 2023 o Servizo da Axencia da Enerxía emite o informe relativo aos consumos enerxéticos da Granxa Gayoso Castro e a produción de enerxía eléctrica da planta de biogás do Centro de Recría (CVS:IV7OTSDOHJ6I3LM7SYQBIMXWC4), que conclúe o seguinte:

“En vista do exposto nos apartados precedentes e en base aos datos reflectivos nos psiquiátrico consumen o 28,26%, e o centro de recría o 71,74% de toda a enerxía eléctrica consumida nas instalacións da Granxa Gayoso Castro.

Segundo o documento “Estimación de la energía eléctrica bruta generada por la planta de biogás del centro de recría de la Diputación de Lugo Gayoso-Castro”, a produción mensual estimada sería de 186.000kw.h. A produción anual sería de 2.232.000 kw.h.

No “Estudio sobre consumos energéticos en Granxa Gayoso-Castro de Rei (Lugo)” estímase un consumo con unha ocupación progresiva ao longo dos tres anos do Centro de Recría (2019, 2020 e 2021). O consumo deses tres anos é de 456.084,22kw.h.

Polo que a conclusión, en base ao exposto anteriormente, é que a enerxía eléctrica que podería ter xerado a planta de biogás segundo o documento “Estimación de la energía eléctrica bruta generada por la planta de biogás del centro de recría de la Diputación de Lugo Gayoso-Castro” é de 2.232.000kw.h. por ano a cal superaría aos consumos estimados das naves do centro de recría para as anualidades 2019, 2020 e 2021 que é de 456.084,22kw.h.”



13. Con data 12 de maio de 2023 a Deputación Provincial de Lugo e a Empresa de Transformación agraria, S.A.,S.M.E.,M.P. (TRAGSA) asinan a Acta de recepción da posta en marcha das instalacións da planta de biogás da Granxa Gayoso Castro, que indica o seguinte:

“ ...En este acto se procede- previo reconocimiento in situ de las obras- a la comprobación de funcionamiento de los trabajos de puesta en marcha de las instalaciones de la planta de biogás en el Centro de Recría Gayoso Castro y recepción definitiva de los mismos, reconociéndose por La Diputación Provincial, que se han realizado la totalidad de las comprobaciones de funcionamiento y puesta en marcha de las instalaciones anteriormente citadas, y que el resultado de dichas comprobaciones es positivo, reconociendo estar conforme con las mismas.

TRAGSA manifiesta expresamente que todas las comprobaciones realizadas se ajustan a lo descrito en el el proyecto inicial “Experiencia piloto de aprovechamiento energético del biogás producido por los purines generados en el centro de recría de la Granja Gayoso Castro”, y que todas las comprobaciones se ajustan a los manuales y protocolos de los fabricantes de los equipos instalados, y a la normativa vigente establecida en el momento de la finalizacion de las obras de construcción de la planta de biogás en mayo de 2015...”

14. Posteriormente e con data 12 de maio de 2023 a Deputación Provincial de Lugo e a concesionaria do Contrato para a concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo Gayoso Castro, Recría Castro S.L., asinan a Acta de entrega definitiva das instalacións da planta de biogás da Granxa Gayoso Castro a Recría Castro S.L., dando por concluído o compromiso da Deputación Provincial de Lugo na posta en marcha da instalación quedando exonerada de calquera responsabilidade posterior.

15. Con data 12 de maio de 2023 celébrase a 6º Reunión de Comisión de Seguimento da concesión da xestión e explotación do Centro de recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, e segundo consta na Acta da reunión n.º 1/2023, adóptase por unanimidade de todos os presentes o seguinte acordo:

“1. A Liquidación e compensación dos consumos eléctricos correspondentes ao Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, vencellados á entrega definitiva das instalacións da planta de biogás da Granxa Gayoso Castro” da Deputación de Lugo a Recría Castro S.L., con data 12 de maio de 2023.

2. Que con efectos a partir da data da entrega definitiva da Planta de biogás do Centro de Recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro” a Recría Castro S.L., o 12 de maio de 2023, se atenda ao disposto no Prego de prescricións técnicas e ao Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro” , e nomeadamente ao disposto na cláusula nº 8 . Obrigacións da concesionaria, no apartado 8.1- En relación coa prestación dos servizos, punto 10 , apartado 8.2 - En relación coa atención aos usuarios, punto g) e no apartado 8.7 - Outras obrigacións, punto b).

3. En todo caso e atendendo ao disposto na cláusula 8 apartado 8.7.b) do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro”, en tanto en canto non se realice o cambio de titularidade do contrato das subministracións enerxéticas correspondentes ao centro de recría “ Gayoso Castro” da Deputación Provincial de Lugo a favor da concesionaria do contrato, ésta instalará pola súa conta un analizador de redes, atendendo ao disposto no Prego de Prescricións técnicas do Contrato da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro” no apartado 3º, punto 1. subapartado 1.1.”, co obxectivo de determinar o consumo enerxético correspondente ao centro de recría, e a Deputación Provincial liquidará os importes correspondentes ao consumo enerxético do centro de recría á concesionaria do contrato.

4. En todo caso, a partir do 12 de maio de 2023, data da entrega definitiva das instalacións da planta de biogás da Granxa Gayoso Castro a Recría Castro S.L. , e ata que atendendo ao disposto no PCAP e o PPT da contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, non se proceda por parte da concesionaria do contrato á instalación dun analizador de redes, a Deputación Provincial de Lugo liquidaralle á concesionaria do contrato o correspondente ao 71,74% do importe da facturación do consumo enerxético das instalacións da Granxa Gayoso Castro, segundo a estimación de consumo enerxético correspondente ao centro de recría que reflicte o “Estudio sobre consumos energéticos en Granxa Gayoso-Castro de Rei (Lugo)” do 26 de abril de 2023.”

16. O Centro de Recría “Gayoso Castro” da Deputación Provincial de Lugo iniciou a súa actividade no ano 2019 e a súa ocupación foi progresiva ao longo dos anos 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023 ata a actualidade, segundo consta na oferta presentada por Recría Castro S.L.U., no



documento titulado Proxecto de Explotación do Centro de Recría “Gayoso Castro”. O dito documento no apartado h) Relación de recursos persoais que se adscriben á execución, indica que a previsión de ocupación do 100% estimábase no terceiro ano do contrato, de xeito que o 100% de ocupación do centro de recría non se acadou ata o ano 2021.

17. Tendo en conta o antedito:

1. A enerxía bruta máxima xenerada anualmente pola planta de biogás do centro de recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro” sería de 2.232.000 kw.h., en condicións de máxima produción, se ben tales condicións non foron as reais xa que a ocupación do centro de recría foi progresiva e polo tanto a produción de puríns foi tamén en progresión.

2. Os consumos enerxéticos correspondentes ao centro de recría “ Gayoso Castro” da Deputación Provincial de Lugo estímáanse en 787.861,44 kw.h dende o inicio da ocupación no ano 2019, tendo en conta unha ocupación progresiva, segundo a estimación que se reflexa de seguido:

Año 2019: 61.042,69 kw.h

Año 2020: 152.277,70 kw.h

Año 2021: 242.763,83 kw.h (ocupación do 100%)

Año 2022: 242.763,83 kw.h (ocupación do 100%)

Año 2023 :

Xaneiro, febreiro, marzo, abril : $20.230,31 \times 4 = 80.921,27$ kw.h (ocupación do 100%)

Período 01.05.2023/12.05.2023 : 8.092,12 kw.h (ocupación do 100%)

Consumo total (Período 01.01.2019/12.05.2023) = 787.861,44 Kw.h

Conclusión:

Por canto antecede, propónse que, unha vez reciba a fiscalización de conformidade pola Intervención, pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- A Liquidación e compensación dos consumos eléctricos correspondentes ao período 01.01.2019/12.05.2023, do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, que se estiman en 787.861,44 Kw.h, vencellados á data de entrega definitiva da Planta de biogás do

Centro de Recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro” a Recría Castro S. L, con data 12 de maio de 2023.

2º.- Que con efectos a partires da data da entrega definitiva da Planta de biogás do Centro de Recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro” a Recría Castro S.L., o 12 de maio de 2023, se atenda ao disposto no Prego de prescricións técnicas e ao Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro” , e nomeadamente ao disposto na cláusula nº 8 . Obrigacións da concesionaria, no apartado 8.1- En relación coa prestación dos servizos, punto 10 , apartado 8.2 - En relación coa atención aos usuarios, punto g) e no apartado 8.7 - Outras obrigacións, punto b).

3º.- En todo caso e atendendo ao disposto na cláusula 8 apartado 8.7.b) do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro”, en tanto en canto non se realice o cambio de titularidade do contrato das subministracións enerxéticas correspondentes ao centro de recría “ Gayoso Castro” da Deputación Provincial de Lugo a favor da concesionaria do contrato, esta instalará pola súa conta un analizador de redes, atendendo ao disposto no Prego de Prescricións técnicas do Contrato da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “ Gayoso Castro” no apartado 3º, punto 1. subapartado 1.1. , co obxectivo de determinar o consumo enerxético correspondente ao centro de recría, e a Deputación Provincial liquidará os importes correspondentes á concesionaria do contrato.

4º.- En todo caso,a partires do 12 de maio de 2023, data da entrega definitiva das instalacións da planta de biogás da Granxa Gayoso Castro a Recría Castro S.L. , e ata que atendendo ao disposto no PCAP e o PPT da contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro, non se proceda por parte da concesionaria do contrato á instalación dun analizador de redes, a Deputación Provincial de Lugo liquidaralle á concesionaria do contrato o correspondente ao 71,74% do importe da facturación do consumo enerxético das instalacións da Granxa Gayoso Castro, segundo a estimación de consumo enerxético correspondente ao centro de recría que reflicte o “Estudio sobre consumos energéticos en Granxa Gayoso-Castro de Rei (Lugo)” do 26 de abril de 2023.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Pola Área de Cooperación e Asistencia aos Concello, tramitase o procedemento para a concesión de subvencións para o desenvolvemento do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022, de conformidade coas Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión do 16 de setembro de 2022. A Convocatoria e Bases foron publicadas no Boletín oficial da provincia nº 222, do 27 de setembro de 2022.

Vista a proximidade da finalización do prazo de execución, sen que as mesmas estean resoltas, procede a modificación das Bases da Convocatoria para o Desenvolvemento do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022.

Os gastos subvencionables, ao abeiro da referida convocatoria, deberían executarse entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de xuño de 2023, debendo o beneficiario achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, como data límite o 30 de setembro de 2023. Segundo a base 7. Gastos subvencionables, apartado 3) Poderá concederse unha prórroga dos prazos de execución e xustificación, por razóns debidamente acreditadas, que será tramitada a través da correspondente modificación das presente bases.

Considerando que a finalidade das referidas subvencións é mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social contribuíndo a satisfacer as necesidades e aspiracións de la veciñanza, axudando a fixar poboación no medio rural, cumprindo desta maneira coa competencia que o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das

bases de réxime local, reconece ás Deputacións de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial.

Por todo o exposto, procede a modificación das Bases da Convocatoria para o Desenvolvemento do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022 no sentido de ampliar o prazo de execución e de xustificación das actuacións a subvencionar, para posibilitar o cumprimento dos obxectivos que se pretenden coa convocatoria das referidas subvencións.

Visto que a referida modificación ven determinada por atrasos na tramitación das subvencións, sendo por tanto por causas alleas aos solicitantes, que ven a satisfacer o interese xeral por canto posibilita que se realicen as actuacións subvencionadas e, polo tanto o cumprimento dos obxectivos da subvención, que non se vulneran intereses de terceiros nin se altera a natureza da subvención, nin afecta ao principio de competencia.

Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Modificar a base 7. Gastos subvencionables, apartado 2) do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022, cuxas bases reguladoras foron aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión do 16 de setembro de 2022, de forma que:

Onde di:

“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de outubro de 2022 ao 30 de xuño de 2023).

Debe dicir:

“2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023).

Modificar a base 13. Xustificación e aboamento das subvencións.



Onde di:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 30 de setembro de 2023, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Debe dicir:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 30 de outubro de 2023, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE Á PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito D. José Goás Díaz con DNI ***6842**, en representación da entidade Asociación de Veciños de Asociación de Veciños de San Xiao de Recaré con NIF G27451954 o 23/05/2023 (2023/PES_03/011500), no que comunica a renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia (excursión concedida para o 06 de xuño de 2023).

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023), aprobadas en Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 9 de xaneiro de 2023.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 03 de febreiro de 2023 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2023) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 24 de febreiro de 2023.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Estimar a renuncia da Asociación de Veciños de San Xiao de Recaré con NIF G27451954 para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e manter o dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DE ÁNGEL FERREIRO TRIGO, OFICIAL DA UNIDADE DE MANTEMENTO, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Ángel Ferreiro Trigo, Oficial Unidade Mantemento do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre os 65 anos de idade o día 11 de xuño de 2023 e que terá recoñecidos 40 anos, 1 mes e 11 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 11 de xuño de 2023, data previsible de xubilación forzosa, acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 9 meses.

Considerando que e o citado traballador non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta o establecido na normativa establecida:

Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia, que establece:



“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...].”.

Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1), que establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, que sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses

[...].”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. Ángel Ferreiro Trigo, terá acreditado, á data 11 de xuño de 2023 un período de cotización superior aos 37 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Ángel Ferreiro Trigo, con efectividade do día 11 de xuño de 2023, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN MAQUINISTA-CONDUTOR DO PARQUE MÓBIL, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Manuel Gil Otero, Maquinista-Condutor Parque Móbil do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre os 65 anos de idade o día 14 de xuño de 2023 e que terá recoñecidos 41 anos, 9 meses e 7 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 11 de xuño de 2023, data previsible de xubilación forzosa, acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 9 meses.

Considerando que e o citado traballador non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta o establecido na normativa establecida:



Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia, que establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria.

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), que no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, que sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses

[...]”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. Manuel Gil Otero, terá acreditado, á data 14 de xuño de 2023 un período de cotización superior aos 37 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Manuel Gil Otero, con efectividade do día 14 de xuño de 2023, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DE MANUEL GÓMEZ FERNÁNDEZ, OFICIAL DA UNIDADE DE MANTEMENTO, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Manuel Gómez Fernández, Oficial Unidade Mantemento do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre os 65 anos de idade o día 17 de xuño de 2023, que terá recoñecidos 36 anos, 4 meses e 11 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 17 de xuño de 2023, data previsible de xubilación forzosa, acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 9 meses e que o citado traballador non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando o establecido na normativa de aplicación:

Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia, que establece:



“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...].”.

Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), que no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, que sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses

[...].”.

Conclusión.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. Manuel Gómez Fernández, terá acreditado, á data 17 de xuño de 2023 un período de cotización superior aos 37 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Manuel Gómez Fernández, con efectividade do día 17 de xuño de 2023, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA POR IDADE, DUNHA VETERINARIA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona M^a Ángeles González Machado, con data de nacemento o 2 de xuño de 1953, Veterinaria do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, solicitou a prolongación no servizo activo en data 8 de agosto de 2018, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno de data 23 de novembro de 2018, prorrogándose anualmente, a petición da interesada e aprobada por acordos da Xunta de Goberno de datas 15 de novembro de 2019, 30 de outubro de 2020 , 29 de outubro de 2021 e 11 de novembro de 2022.

Tendo en conta o establecido na normativa vixente:

O Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario pode ser:

a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.



b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

[...].”

A Orde de 7 de xaneiro de 2013, pola que se regula o procedemento de autorización da prolongación da permanencia no servizo activo, sinala no seu artigo 6:

“Duración e finalización da prolongación da permanencia no servizo activo.

A prolongación de permanencia no servizo activo concederase por períodos dun ano renovables anualmente á solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data de finalización da prolongación concedida, e como máximo ata que a persoa funcionaria cumpra a idade de setenta anos ou a idade máxima que legalmente se estableza.

Se antes de finalizar a prórroga concedida a persoa interesada non presenta a correspondente solicitude no prazo establecido, declararase de oficio a xubilación forzosa”-

O Artigo 11 do Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, preceptúa:

“1. Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3 do artigo 67 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no réxime xeral de seguridade social será, en todo caso, a prevista nas normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a), así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2023	37 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 9 meses	66 anos e 4 meses

[...].”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D.^a M^a Ángeles González Machado, cumprindo a idade regulamentaria, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da Veterinaria do Cadro de Persoal Funcionario, D.^a M^a Ángeles González Machado, con efectividade do día 2 de xuño de 2023, derradeiro día que presta servizos a esta Deputación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 120/2023-B.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº120/2023-B seguido a instancia de D. Óscar Andrés Alcázar “contra el Decreto de la Presidencia de la Diputación de Lugo de 9-2-2023, dictado en el “Expte: XREC-0117” por el que se desestima el recurso de reposición presentado contra la Liquidación del Impuesto sobre Bienes inmuebles (Urbana) del ejercicio 2018 correspondiente al inmueble con referencia catastral



2948015PJ3324N0006KO, por un importe de 122,71 euros...” , á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da circular de data 26 de maio de 2023 da Secretaría Xeral.

Dase conta da circular da Secretaría Xeral sobre as actuacións administrativas que se poderán realizar despois da celebración das eleccións municipais do día 28 de maio, durante o período no que a actual corporación estará en función, que dí o seguinte: “*Ante as dúbidas que poidan xurdir con respecto ás actuacións a incluír no concepto de “administración ordinaria” e que, polo tanto, poden os distintos órganos provinciais realizar durante ese período, procede informar:*

Primeiro.- Remítome ao informe emitido pola señora Secretaria Xeral desta Excm. Deputación Provincial en data vinte de maio de dous mil dezanove, do que se deu conta á Xunta de Goberno na sesión ordinaria de vinte e catro de maio seguinte. (achégase a certificación da Xunta de Goberno citada).

Segundo.- En concreto, con relación ás actuacións que non se poderán realizar mentres a Corporación estea en funcións, por exceder da cualificación de administración ordinaria serán, entre outras, as seguintes:

1.- Acordos que, para súa adopción, requiran maioría absoluta, é dicir os previstos no número 2 do art. 47 LBRL.

2.- Acordos dos órganos colexiados nos que, para súa adopción, a normativa sectorial esixa maioría absoluta.

3.- En xeral, a adopción de acordos cuxa base sexa o exercicio de potestades discrecionais ou iniciación de novos procedementos, tales como aprobación de plans, programas, concesión de subvencións excepcionais, etc.

Terceiro.- A título de exemplo, sen ánimo de ser exhaustivos, podemos citar:

a.- En materia de xestión de recursos humanos non poderán ser ditadas resolucións nin adoptados acordos que supoñan a aprobación ou modificación de instrumentos de ordenación xeral dos recursos humanos da Deputación Provincial de Lugo, ou actos de xestión que inicien novos procedementos tales como:

a) Aprobación ou modificación do cadro de persoal,

b) Aprobación ou modificación da oferta pública de emprego

c) Aprobación ou modificación da relación de postos de traballo

d) A aprobación das bases que rexerán os procedementos de selección de persoal ou de provisión de postos de traballo.

b.- En materia económica, aprobación ou modificacións do orzamento, aprobación de ordenanzas fiscais, etc.

c.- No ámbito da xestión administrativa dos distintos servicios e unidades, todas aquelas resolucións e acordos que supoñan novas actuacións que excedan da mera execución dos procedementos iniciados con anterioridade.

Cuarto.- Entenderanse como administración ordinaria, pola contra, todas aquelas resolucións e acordos que supoñan a instrución ou execución de procedementos iniciados previamente e que, polo tanto, non supoñen a iniciación de novos procedementos administrativos. Citar, a título de exemplo, procedementos contractuais cuxos pregos foran aprobados con anterioridade, procedementos selectivos ou de provisión de postos de traballo cuxas bases fosen aprobadas con anterioridade, tramitación de subvencións de concorrência competitiva cuxas bases foran aprobadas con anterioridade ou tramitación de subvencións nominativas.

Quinto.- Non obstante todo o exposto, reitérase que os procedementos sinalados o son a título de exemplificativo e sen ánimo de ser exhaustivo, polo cal si no período no que a Corporación encontrase “en funcións”, xurde algunha dúbida sobre a procedencia de ditar unha resolución ou adoptar un acordo, por si puidese exceder do concepto de administración ordinaria, poderán dirixirse a esta Secretaría Xeral, co obxecto de que se informe sobre tal extremo.”



A Xunta de Goberno queda enterada.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e cuarenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.